

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 2 DE SETEMBRO DE 2024, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA

PROXECTO DE LEI

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Proxecto de lei de estatística de Galicia.

DECRETO

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

- Decreto polo que se regulan as funcións, composición e réxime de funcionamento da Comisión Interdepartamental de Coordinación da Ordenación do Litoral.
- Decreto polo que se dispón o cese de Ramón Martínez Boga como director xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade.
- Decreto polo que se nome directora xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade a María José Echevarría Moreno.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Acordo para Interpoñer, de conformidade co disposto no artigo 32.2 da Lei orgánica 2/1979, do 3 de outubro, do Tribunal Constitucional, recurso de inconstitucionalidade contra a Lei orgánica 1/2024, do 10 de xuño, de amnistía para a normalización institucional, política e social en Cataluña, no seu conxunto e, en todo caso, contra os artigos 1, 2, 4, 5, 8 e 10 desta.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP

- Acordo polo que se aproba o Plan de mellora educativa.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio entre a Axencia Galega de Innovación da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Axencia Estatal Consello Superior de Investigacións Científicas, M.P. CSIC para instrumentar a concesión dunha subvención por parte da Axencia Galega de Innovación destinada a complementar as axudas ao persoal investigador principal gañador dunha axuda do programa do Consello Europeo de Investigación (ERC) no marco do programa Horizon Europe por importe de cincuenta mil euros (50.000,00 €)

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Política Social e Igualdade a establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á establecida nas normas de subvencións de Galicia, na Orde de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras e se convoca o procedemento para a concesión de subvencións destinadas á realización de programas de interese xeral para fins de carácter social, con cargo á asignación tributaria do 0,7 % do imposto sobre a renda das persoas físicas e do imposto de sociedades, xestionado pola Consellería de Política Social e Igualdade. Importe total: vinte e sete millóns oitocentos vinte e nove mil setecentos trinta e oito euros con setenta e dous céntimos (27.829.738,72 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Fundación Meniños para o desenvolvemento dun programa de intervención con mulleres vítimas de violencia sexual. Importe: cincocentos corenta e dous mil seiscentos euros (542.600,00 €).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se declara proxecto industrial estratéxico o proxecto Arteixo H2V para a construción dunha planta de xeración, almacenamento e distribución de hidróxeno verde no parque de actividades económicas de Arteixo (ACTECA), promovido por Accionaplug, S.L.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria e o Concello de Valga para a realización do peche de protección perimetral no marco do proxecto para a posta en valor como área de lecer da antiga mina de extracción de arxila Porto Piñeiro, por importe total de trescentos sesenta e seis mil cento oitenta e oito euros con sesenta céntimos (366.188,60 €).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, a Axencia de Protección da Legalidade Urbanística e o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia no marco do Proxecto Terra 2024-2026, por un importe de trescentos sesenta mil euros (360.000,00 €).
- Toma de razón da licitación dos contratos de redacción do proxecto básico e de execución e direccións de obra para a construción de 124 vivendas de promoción pública (VPP), garaxes, rochos e locais nas parcelas 11 e 13 do sector PP1-R do Bertón, Ferrol (A Coruña) por lotes e un importe de licitación de 920.914,69 € (expediente XTR-2024-0003).
- Acordo polo que se aproba o trámite de información pública e informe das administracións afectadas e definitivamente o proxecto de trazado de restitución da estrada LU-651 entre os pp.qq. 17+650 e 18+470 (Folgozo do Courel).
- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de contratación da obra do novo centro de educación infantil e primaria no Milladoiro (concello de Ames), cofinanciada nun 60 % pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa Galicia Feder 2021-2027, cun orzamento de licitación de nove millóns setecentos oitenta e catro mil cento vinte e sete euros con setenta céntimos (9.784.127,70 €), IVE incluído, e un valor estimado de oito millóns oitenta e seis mil cincuenta e cinco euros con noventa e cinco céntimos (8.086.055,95 €).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a segunda addenda e prórroga ao contrato programa entre o Servizo Galego de Saúde e a Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica para a realización dun piloto para o proxecto Xenoma Galicia, por importe de dous millóns cincocentos mil euros (2.500.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a contratación, polo Servizo Galego de Saúde, de prestación de servizos sanitarios a pacientes beneficiarios da Seguridade Social protexidos polo Servizo Galego de Saúde da Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés, mediante acordo marco, por un orzamento de licitación de once millóns cento sesenta e oito mil catrocentos cincuenta e cinco euros con noventa e dous céntimos (11.168.455,92 €).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia e o Consorcio para o Desenvolvemento de Aplicacións para a Xestión Universitaria para a posta en marcha en 2024 e 2025 do programa integral de formación e *mentoring* destinado ás persoas mozas inscritas e beneficiarias do Sistema nacional de garantía xuvenil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia (Xuventude Mentoring), cofinanciado pola Unión Europea, no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027, por un importe total de novecentos noventa e nove mil novecentos noventa e nove euros con dezaseis céntimos (999.999,16 €)
- Acordo polo que se autoriza a realización de pagamentos anticipados ata o 100 % da subvención concedida, en relación co proxecto de Orde pola que se regulan as bases que rexerán a concesión de subvencións destinadas á realización de programas de interese xeral para fins de carácter social dirixidos á xuventude e ao voluntariado, con cargo á asignación tributaria do 0,7 % do imposto sobre a renda das persoas físicas e do imposto de sociedades no ano 2024 por importe dun millón catrocentos quince mil setecentos seis euros (1.415.706,00 €).

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia e a Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia-Norte de Portugal para o desenvolvemento da actividade de coordinación do Eures Transfronteirizo Galicia-Norte de Portugal, por un importe total de cento oitenta e oito mil cento oitenta e sete euros con trinta e dous céntimos (188.187,32 €).
- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e Cáritas Federadas da provincia eclesiástica de Santiago de Compostela-Cáritas Federadas en Galicia, para o desenvolvemento dun programa de arraigo para a formación, por un importe total de seiscentos dezaoto mil catrocentos cincuenta euros (618.450,00 €) e a superación das porcentaxes recollidas no artigo 63.1 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia para os pagamentos anticipados.
- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e Cáritas Diocesana de Lugo, para o desenvolvemento dun programa de arraigo para a formación, por un importe total de cento sesenta e dous mil setecentos cincuenta euros (162.750,00 €) e a superación das porcentaxes recollidas no artigo 63.1 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia para os pagamentos anticipados.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e Escolas Familiares Agrarias de Galicia- EFA Galicia, para o desenvolvemento dun programa de arraigo para a formación, por un importe total de cento sesenta e dous mil setecentos cincuenta euros (162.750,00 €) e a superación das porcentaxes recollidas no artigo 63.1 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia para os pagamentos anticipados.
- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto relativo á contratación, mediante acordo marco cunha única empresa adxudataria suxeito a regulación harmonizada, do servizo por lotes para a impartición de accións formativas dos graos A, B e C do Sistema de formación profesional mediante a creación dunha rede de centros asociados por un importe total de doce millóns douscentos oitenta e un mil cincocentos cinco euros (12.281.505,00 €).

CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e o Centro Tecnolóxico do Clúster da Acuicultura (CETGA) para a participación do CETGA na acción de investigación Diversificación de especies na piscicultura mariña mediante o cultivo do salmonete de roca (*mullus surmuletus*) para o período 2024-2027, por importe de cento cincuenta e tres mil trescentos trinta e tres euros (153.333,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e a Universidade de Vigo para a participación na acción de investigación Criopreservación de larvas de invertebrados mariños de interese comercial, para o período 2024-2027, por importe de cincuenta e seis mil seiscentos setenta euros (56.670,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e a Universidade de Santiago de Compostela para avanzar na loita contra infeccións nos cultivos larvarios de invertebrados mariños, como parte da acción de investigación Implementación de novos métodos de loita biolóxica para a mellora do cultivo de larvas de invertebrados mariños en criadeiro, para o período 2024-2027, por importe de cento corenta e oito mil trescentos cincuenta e cinco euros con cincuenta e oito céntimos (148.355,58 €).

INFORMES

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Informe sobre a actuación en colaboración con concellos galegos para a implantación de servizos de transporte de interese municipal (SIMU): Ames, Arteixo, Cambre, Culleredo, Nigrán, Oleiros, Pontevedra, Teo, Tordoia e Sanxenxo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP

- Informe sobre a VI Edición do Premio Empregados/as Públicos/as Innovadores/as.
- Informe sobre o balance intermedio da Estratexia de consolidación do sector biotecnolóxico de Galicia.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre o acordo marco de colaboración entre a Consellería de Sanidade e a Confederación Española de Organizacións de Miores (CEOMA) para a promoción da saúde e prevención das persoas maiores.

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

- Informe das concesións de axudas derivadas da Orde pola que se establecen as bases reguladoras de axudas para a realización do Programa de formación dual para persoas con discapacidade intelectual nos centros especiais de emprego (CEE) e se procede á súa convocatoria plurianual (2024 a 2027) por importe de seis millóns de euros (6.000.000, 00 €).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre as liñas de apoio á denominación de orixe Ribeira Sacra e ao sector vitivinícola galego.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

GALICIA CONTARÁ CUNHA INFORMACIÓN ESTATÍSTICA MÁIS COMPLETA QUE PERMITIRÁ TOMAR DECISIÓNS ESTRATÉXICAS E CONCLUÍNTES Á ADMINISTRACIÓN, ÁS EMPRESAS E CIDADÁNS

- Unha nova Lei de Estatística reforzará a capacidade do Instituto Galego de Estatística (IGE) para acceder á información administrativa e integrala en bases de datos
- A normativa permitirá aumentar as sinerxías, racionalizar custos, evitar a duplicidade na consulta de datos aos cidadáns e responder de xeito máis eficaz ás demandas de información

Galicia contará cunha información estatística máis completa que permitirá tomar decisións estratéxicas e concluíntes tanto á Administración pública como ás empresas e os cidadáns. Así se desprende do anteproxecto da nova Lei de Estatística de Galicia aprobada hoxe polo Consello da Xunta. Unha iniciativa que segundo explicou o conselleiro de Facenda e Administración Pública, Miguel Corgos, afondará na capacidade do Instituto Galego de Estatística (IGE) para acceder á información administrativa e integrala en bases de datos.

A nova lei permitirá xerar información de maior calidade e fiabilidade, pegada ao territorio e próxima ao cidadán, aumentando as sinerxías, racionalizando custos e respondendo de xeito máis eficaz ás demandas de información da sociedade. Afondará deste xeito na transparencia, na calidade e na accesibilidade dos datos.

A información como recurso estratéxico

Un dos cambios da nova Lei é que pasa a considerar os rexistros e sistemas de información recursos estratéxicos, o que reforza a capacidade do IGE para acceder á información recollida nos rexistros administrativos e integrala en bases de datos.

Isto permitirá diminuír a carga de respostas dos cidadáns, aos que non se lles solicitarán datos cos que xa conta a Administración. O obxectivo é reducir duplicidades, economizando tempo e recursos e aumentando os estándares de calidade da información.

Novas tecnoloxías

A nova lexislación actualiza a lei 9/1988 de Estatística de Galicia vixente desde fai 35 anos, que deu soporte aos seis plans desenvolvidos polo sistema estatístico galego, o último aínda en desenvolvemento (2022-2026).

Nas últimas décadas apareceron novas fontes de información, así como os potentes métodos de tratamento de datos, baseados no *big data* e na IA que permiten reforzar a colaboración e os fluxos de datos estatísticos entre os distintos niveis da administración, así como incrementar a difusión e o acceso aos recursos estatísticos que se xeran.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A nova lexislación afondará na normalización das perspectivas de xénero e idade, para achegar información máis precisa e axeitada ás cuestións demográficas. Isto permitirá, ademais, realizar desagregacións territoriais que non eran posibles ata o momento.

Tamén vai regular de xeito máis precisa o segredo estatístico tanto para os cidadáns como para as empresas, establecendo mecanismos que permitan compatibilizar o tratamento dos datos con fins estatísticos, sobre todo para contar con información inmediata en situacións de emerxencia social, coa protección de datos persoais e a cesión de datos protexidos.

Ampliarase o Consello Galego de Estatística con dous representantes da Administración do Estado, un deles designados polo INE, para darlle máis relevancia na interpretación do segredo estatístico e na proposta das estatísticas a efectuar.

Avaliación das políticas do sector público

A futura lei reforzará a conexión do sistema estatístico coa planificación pública, para deseñar e avaliar as políticas deste sector e programar novas iniciativas. Facilitará así mesmo a investigación científica, ao favorecer o acceso do investigadores a datos estatísticos protexidos, baixo protocolos que preserven a súa confidencialidade.

A modificación normativa contempla aos usuarios e informantes como peza clave da estatística galega, así como a difusión de balde na páxina web de estatísticas reutilizables e cun calendario e información adicional que facilite a súa interpretación, poñendo así a disposición da sociedade datos que permitan tomar decisións informadas a particulares e empresas, ademais da Administración.

O texto non esquece incidir na independencia profesional do persoal estatístico, poñendo o énfase na imparcialidade, obxectividade e transparencia, así como na confidencialidade dos datos achegados polos cidadáns e as empresas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CONSTITUIRÁ EN OUTUBRO A COMISIÓN INTERDEPARTAMENTAL RESPONSABLE DE COORDINAR E IMPULSAR A APLICACIÓN PRÁCTICA DA LEI DO LITORAL

- O Consello aprobou hoxe o decreto de creación deste novo órgano, que entre as súas funcións terá a de velar pola elaboración, posta en marcha e seguimento dos instrumentos de ordenación necesarios para garantir a xestión integrada da costa
- Esta comisión, de nova creación e prevista na propia normativa, servirá de ponte entre os distintos departamentos e administracións con competencias neste eido
- O Goberno autonómico avanza no desenvolvemento da norma mentres o Executivo central leva máis de tres meses sen constituír a Comisión mixta de transferencias para abordar o traspaso a Galicia das funcións e medios para xestionar a costa

A Comisión Interdepartamental de Coordinación da Ordenación do Litoral quedará constituída oficialmente o vindeiro mes de outubro coa misión de dirixir e impulsar a aplicación práctica da Lei de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia, aprobada en xullo de 2023 polo Parlamento galego sen ningún voto en contra e que quedou paralizada durante meses polo recurso interposto polo Goberno central.

O Consello aprobou esta mañá o decreto polo que se regulan as funcións, composición e réxime de funcionamento desta comisión, un dos órganos previstos na propia norma galega para facilitar o seu desenvolvemento e garantir a imprescindible coordinación que require xestionar a franxa costeira desde un enfoque ecosistémico e integral.

Así, esta comisión será a encargada de supervisar a elaboración, aplicación e seguimento dos diferentes instrumentos de ordenación en que se apoia a lei para garantir o cumprimento do seu principal obxectivo: xestionar de forma integrada e en clave galega as actividades humanas no litoral para garantir o aproveitamento sustentable dos seus recursos e a conservación dos ecosistemas costeiros.

Cómpre lembrar que a lei galega prevé oito instrumentos específicos de ordenación do litoral co obxecto de facer efectivos os usos e actuacións que considera estratéxicos para a costa: a estratexia de economía azul de Galicia; as directrices de ordenación do litoral; o plan de ordenación costeira; o plan de ordenación mariña; os plans especiais de ría e os das praias; os plans sectoriais, e os plans de prevención e loita contra a contaminación do litoral.

Neste sentido, a comisión —cuxo decreto regulador entrará en vigor tras a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* nos vindeiros días— servirá de ponte entre os diferentes órganos e administracións implicados na toma de decisións ou no deseño das accións para a ordenación do litoral, co fin de simplificar e axilizar a tramitación dos procedementos relacionados con elas. Así mesmo, tamén elaborará, cando sexa preciso, os criterios interpretativos ou directrices necesarios para promover a xestión integrada da costa e dos distintos instrumentos de ordenación.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A comisión estará presidida pola conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, por ser este o departamento que ten as competencias en ordenación do litoral, a Vicepresidencia recaerá na directora xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático e contará tamén como vogais cos titulares das consellerías con responsabilidades en materia de mar, ordenación do territorio, promoción do deporte, turismo e protección do patrimonio histórico, artístico, arquitectónico e arqueolóxico.

Pioneira en regular a costa en toda a súa extensión

Coa aprobación da Lei de ordenación e xestión integrada do litoral, Galicia converteuse na primeira comunidade española en regular a través dunha normativa propia a franxa costeira en toda a súa extensión, é dicir, tanto mar dentro como terra dentro.

Partindo da consideración da costa desde unha tripla perspectiva (social, ambiental e económica), a lei establece unha nova zonificación desta franxa, con tres grandes áreas diferenciadas en función do seu estado de conservación e necesidades particulares, ao tempo que concreta os usos permitidos e prohibidos no litoral.

Neste sentido, a norma ofrece seguridade xurídica ao complexo mar-industria, no cal traballan arredor de 40.000 persoas e que xera unha actividade económica de 9.000 millóns de euros anuais, preto do 5 % do PIB galego.

A normativa tamén delimita as actuacións e usos estratéxicos que permitirán o seu asentamento e a ocupación da costa, e con ela dáse un paso adiante decisivo para que Galicia poida asumir, á fin, as competencias plenas e efectivas que lle atribúe o Estatuto de autonomía sobre a xestión do dominio público marítimo-terrestre (DPMT), un proceso iniciado hai case 40 anos.

Capacidade para outorgar concesións

A aplicación da Lei do litoral permitirá outorgar concesións no DPMT de Galicia, o que obrigará a regular un procedemento integrado para a concesión destes títulos, a crear un rexistro de autorizacións e concesións e a dispoñer, polo tanto, das funcións e dos medios necesarios para poder facelo.

De feito, tras a Sentenza do 23 de abril coa que o Tribunal Constitucional avalou por unanimidade a validez e o contido da norma autonómica, a Xunta solicitou formalmente ao Goberno central o traspaso a Galicia dos medios materiais e persoais para xestionar a súa costa, paso clave para poder completar este procedemento e acadar o autogoberno pleno sobre os seus máis de 2.500 quilómetros de litoral.

Porén e a pesar dos máis de tres meses transcorridos desde que o Executivo galego solicitou ao Estado que iniciara os trámites a través da Comisión Mixta de Transferencias, o traspaso segue parado e, ante as peticións reiteradas feitas desde Galicia para que se active canto antes, o Goberno de Pedro Sánchez continúa derivando a responsabilidade dun departamento a outro.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Neste sentido, cómpre lembrar que o 26 de xullo a conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático dirixiuse por carta á vicepresidenta terceira e ministra para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico para coñecer a súa postura ante o traspaso solicitado e unha estimación dos prazos para que se faga efectivo. A resposta por parte de Teresa Ribera foi derivar a consulta, de novo, ao Ministerio de Política Territorial.

O Goberno galego, en todo caso, seguirá traballando e dando os pasos necesarios para avanzar no desenvolvemento dunha lei clave para Galicia, como demostra a aprobación hoxe do decreto regulador das funcións, composición e réxime de funcionamento da Comisión Interdepartamental de Coordinación da Ordenación do Litoral.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO NOMEA A MARÍA JOSÉ ECHEVARRÍA COMO DIRECTORA XERAL DE CALIDADE AMBIENTAL E SOSTIBILIDADE

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se nomea a María José Echevarría Moreno como directora xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático.

Echevarría Moreno, ademais de licenciada en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela, é funcionaria do corpo superior da Administración Xeral da Comunidade.

Iniciou a súa traxectoria na Administración autonómica como letrada na Delegación Provincial da Consellería de Agricultura en Pontevedra. Logo de ser xefa de sección de informes do Servizo técnico xurídico da Consellería de Cultura e Xuventude, e de recursos de urbanismo e vivenda do Servizo técnico xurídico da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas, exerceu como xefa do Servizo técnico xurídico da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais e como inspectora de servizos da Consellería de Presidencia e Administración Pública.

Tamén foi subdirectora xeral de Coordinación Técnica e Planificación Estatística do Instituto Galego de Estatística (IGE), subdirectora xeral de Calidade Ambiental e subdirectora xeral de Coordinación Ambiental. A continuación, na provincia de Pontevedra, foi xefa de sección xurídica, xefa do Servizo de coordinación da área de Cultura e xefa territorial da Consellería de Cultura e Turismo.

Ata o de agora, Echevarría Moreno era directora territorial da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude na provincia de Pontevedra.

María José Echevarría substitúe no cargo a Ramón Martínez Boga.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO APROBA INTERPOÑER UN RECURSO DE INCONSTITUCIONALIDADE CONTRA A LEI DE AMNISTÍA

- “Galicia actuará con toda a contundencia cando pensemos que hai normas que atentan contra os seus intereses, como é o caso”, indica Rueda
- Salienta que a lei aprobada polo Goberno central contradí varios artigos da Carta Magna e ademais é arbitraria, choca contra o principio de igualdade e vulnera a separación de poderes

O presidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, informou hoxe de que o Consello deu “luz verde” para que o Goberno autonómico “interpoña un recurso de inconstitucionalidade contra a Lei orgánica 1/2024 de amnistía xa anunciado”, logo de contar co ditame favorable do Consello Consultivo de Galicia.

Neste sentido, destacou que a xuridisprudencia recoñece o dereito das comunidades autónomas a interpoñer recursos de inconstitucionalidade non só para a defensa de competencias propias senón para o restablecemento da orde xurídica constitucional. “Sempre dixemos que Galicia actuará con toda a contundencia cando pensemos que hai normas que atentan contra os seus intereses, como é o caso”, indicou.

O presidente salientou que, tras un amplo traballo de documentación, a Xunta recorrerá a Lei aprobada polo Goberno central ao considerar a Asesoría Xurídica que esta Lei orgánica “contradí artigos da Constitución como o 9.1”, que establece que todos os cidadáns e poderes públicos estarán sometidos á Carta Magna e ao resto do ordenamento xurídico.

Ademais, Rueda fixo fincapé en que, segundo a Asesoría Xurídica, se trata dunha lei que ten “consideración arbitraria”, que “quebra co principio de igualdade”, que vulnera o principio de separación de poderes ao “deixar sen efecto decisións firmes adoptadas polo poder xudicial” e que tamén “quebra o principio de seguridade xurídica” ao actuar nun eido tan amplo e indeterminado.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA QUE A XUNTA REFORZARÁ OS CENTROS CON 400 DOCENTES ADICIONAIS PARA MELLORAR O ÉXITO ESCOLAR, A INCLUSIÓN E O DESENVOLVEMENTO INTEGRAL DO ALUMNADO

- Enmárcase no novo Plan MEGA de mellora educativa para incrementar o nivel de competencias clave do alumnado e personalizar o apoio educativo
- Salienta que está “dotado de 77M € para os vindeiros catro cursos” e que “beneficiará a 400 centros” ao ano
- O conselleiro de Educación, Ciencia, Universidade e FP resalta que se traducirá en medidas específicas de apoio personalizado, atención á diversidade, reforzo das competencias lectora e matemática e para o alumnado estranxeiro
- Susténtase sobre os obxectivos do acordo histórico asinado cos sindicatos e parte da análise de fortalezas e debilidades que se detectan nas avaliacións de diagnose
- Tamén se promove o desenvolvemento de proxectos de referencia en áreas como a promoción da igualdade, a convivencia, o benestar emocional ou a sustentabilidade

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que o Goberno autonómico vai “reforzar con 400 profesores adicionais os centros educativos galegos” a partir deste curso que comeza o vindeiro 11 de setembro. Será no marco do novo Plan MEGA de mellora educativa de Galicia, a estratexia do Goberno galego aprobada hoxe no Consello da Xunta para incrementar o nivel das competencias clave do alumnado, personalizar o apoio educativo e a atención ás necesidades específicas e avanzar no modelo de ensino inclusivo que caracteriza a nosa Comunidade.

A través del promoverase non só o éxito escolar, senón tamén o desenvolvemento persoal do alumno nunha contorna educativa en que prime a convivencia, a valoración da diversidade e o benestar emocional.

O desenvolvemento deste plan implica unha modernización do ensino centrada en aumentar a eficiencia, a eficacia e a equidade para garantir o éxito escolar, fomentar a cultura inclusiva, potenciar a formación docente e simplificar os procedementos administrativos, e tal e como resaltou Rueda, susténtase en dous eixes: “o acordo histórico de mellora do sistema educativo asinado coas organizacións sindicais e as avaliacións de diagnóstico realizadas o curso pasado”.

Por unha banda, o acordo inclúe medidas estruturais enfocadas a afrontar os retos presentes e futuros da educación en Galicia a través de accións como a redución progresiva da ratio de alumnos por aula, a mellora da atención á diversidade, o reforzo da carreira profesional docente ou a simplificación administrativa, entre outros.

Por outra banda, o desenvolvemento de avaliación de diagnose entre o alumnado de primaria e ESO son probas que posibilitan aos centros educativos a detección das súas debilidades e a identificación de áreas de mellora, facilitando deste xeito a toma de decisións, baseándose en datos concretos do seu alumnado e no seu contexto.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Tal e como explicou Rueda, o Plan MEGA “estará dotado de 77M € para os vindeiros catro anos” e “beneficiará a uns 400 centros educativos cada no”.

A iniciativa complétase con formación específica no ámbito da inclusión e innovación educativa, a través do Plan anual de formación do profesorado.

Obxectivos

O obxectivo do Plan MEGA é potenciar un sistema educativo que permita a cada estudante acadar o seu máximo potencial a través do seu mellor integral, tanto académico como persoal e social. Ao tempo, estímúlase o contexto de equidade educativa, a redución do abandono escolar e fortalécense as competencias docentes.

Ademais, o plan permitirá que o alumnado galego avance na consecución dos obxectivos marcados polo Consello da Unión Europea, segundo os cales, para 2030, a porcentaxe de mozas e mozos de 15 anos cun baixo rendemento en comprensión lectora, matemáticas e ciencias debe ser inferior ao 15 %.

Nesta liña, o conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, Román Rodríguez, destacou que o Plan inclúe medidas para “avanzar nun aprendizaxe máis personalizado, reforzar as competencias clave e a atención a todo tipo de diversidade”.

Atención especializada para o éxito

O Plan MEGA estrutúrase arredor de seis programas distintos, en diferentes etapas desde infantil ata FP básica pasando por primaria e ESO para dar cumprimento a diferentes obxectivos: Promociona, PROA+ (reforzo, orientación e apoio), reforzo da competencia lectora, reforzo da competencia matemática, apoio educativo para o alumnado estranxeiro e impulso de centros referentes.

O programa Promociona centrase en promover o apoio, a participación e a promoción do alumnado que presenta necesidades educativas especiais escolarizado en centros ordinarios, fortalecendo o modelo de inclusión educativa de Galicia e creando un contorno educativo máis accesible, equitativo e enriquecedor para todo o alumnado.

Diríxese aos escolares de infantil e primaria e leva consigo a realización dun proxecto educativo inclusivo en cada un dos centros que o desenvolva para a mellora da equidade e dos resultados educativos.

Os docentes de reforzo previstos para este programa xa estarán nas aulas ao inicio do curso, segundo explicou o conselleiro.

No caso do PROA+, centra a súa acción nos centros cunha porcentaxe significativa de alumnado con vulnerabilidade socioeducativa, aplicando medidas de reforzo, orientación e apoio con especial fincapé na atención das necesidades específicas de apoio educativo.

Os centros beneficiarios deste programa deberán asumir o compromiso de deseño, aplicación, seguimento e avaliación dun plan estratéxico de mellora, con accións para

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

reforzar as competencias clave ou a aplicación de novas formas de organización e xestión do centro orientadas á mellorar o éxito educativo de todo o alumnado. Neste caso, o profesorado se incorporará no mes de outubro.

Reforzo das competencias lectora e matemática

O programa de reforzo da comprensión lectora artellarase a través da posta á disposición dos centros de iniciativas de lectura no conxunto da comunidade educativa, así como dun amplo abano de actividades para o fomento da lectura, que redundará de forma efectiva na mellora da comprensión lectora dos estudantes

A biblioteca funcionará como motor deste programa, como o espazo mediador para o desenvolvemento de competencias comunicativas, informacionais e mediáticas, como requisito para a construción do pensamento crítico.

A través do programa de reforzo da competencia matemática adaptarase o proceso de ensinanzas ás necesidades e tipos de aprendizaxe diferentes de cada alumno, especialmente dos escolares de primaria, con atención específica a aquel que presenta un peor rendemento.

A maiores, estimularase a participación activa do alumnado en actividades educativas relacionadas con esta área do coñecemento.

Apoio ao alumnado estranxeiro

Orientado a facilitar o labor de escolarización, acollida e benestar emocional do alumnado especialmente vulnerable polas súas condicións de procedencia, o Programa galego de apoio educativo para o alumnado estranxeiro organizará as intervencións educativas necesarias para o desenvolvemento persoal, cultural e social destes estudantes desde unha participación activa na vida escolar.

A través del proporcionarase apoio ao alumnado para asegurar a expresión e a comprensión lingüística efectiva e fortalecer as súas habilidades de lectura e escritura. Ademais, impulsarase o desenvolvemento de actividades que promovan o entendemento intercultural a través das bibliotecas escolares.

Impulso de centros referentes

O exemplo das boas prácticas doutros centros inflúe de xeito positivo na comunidade educativa. Desde ese punto de vista, o Programa para o impulso de centros referentes impulsará que os centros desenvolvan proxectos educativos que os convertan en centros destacados dentro dos contextos da inclusión e a innovación educativa.

Os centros que participen no programa poderán facelo a través de proxectos que se centren na promoción da igualdade, da convivencia, da inclusión e do benestar emocional. Tamén con iniciativa para reforzar as competencias matemática e lectora, a internacionalización e as prácticas ambientalmente sustentables.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O conselleiro de Educación salientou a batería de medidas postas en marcha este curso que fan que o sistema educativo galego “viva a maior modernización dos últimos 30 anos”.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APOIA CON 50.000 EUROS A ACTIVIDADE INVESTIGADORA DO GAÑADOR DUNHA AXUDA DO CONSELLO EUROPEO DE INVESTIGACIÓN

- O investigador Jorge de Torres, do Instituto de Ciencias do Patrimonio, desenvolverá un proxecto sobre estudos arqueolóxicos do período medieval no Corno de África
- Esta iniciativa, enmarcada no programa Oportunius, busca reter e captar talento a través de investigadores excelentes para crear emprego de calidade e retornos
- Desde 2014 apoiáronse 25 beneficiarios das axudas do ERC cunha achega de 6,4M €

O Consello da Xunta aprobou hoxe un convenio de colaboración entre a Consellería de Ciencia e o Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC) para destinar, a través do programa Oportunius, 50.000 euros ao fomento da actividade do investigador que resultou gañador dunha axuda do Consello Europeo de Investigación (ERC) do *Horizon Europe*, Jorge de Torres, do Instituto de Ciencias do Patrimonio (INICIPIT).

O investigador Jorge de Torres obtivo unha axuda do ERC na modalidade *Starting Grant* para desenvolver o seu proxecto *StateHorn*, cuxo obxectivo é desenvolver unha teoría para comprender os estados débiles ou falidos a partir de estudos arqueolóxicos do período medieval no Corno de África -Somalia e Etiopía-.

Ademais dos 50.000 euros que recibirá da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP a raíz da súa axuda ERC, este investigador tamén recibiu 200.000 euros en fondos complementarios do programa Oportunius a través dun primeiro convenio co CSIC (xuño 2020-2024), o que agora se amplía en 50.000 euros con este novo convenio en dúas anualidades (2024-2025).

O obxectivo desta iniciativa é reter e captar talento a través de investigadores excelentes para crear emprego de calidade e retornos en termos de coñecemento e competitividade científica e económica. Deste xeito, os fondos complementarios que se lles outorgan aos investigadores oriéntanse a reforzar os recursos humanos e materiais dos proxectos, como a contratación de persoal adicional, a compra de novo material ou a asistencia a congresos.

O programa Oportunius

Esta iniciativa, enmarcada no programa Oportunius, favorece a xeración, retención, retorno e atracción a Galicia de investigadores de primeiro nivel internacional. Polo seu alto nivel de exigencia e competitividade, as axudas do ERC considéranse un baremo do nivel de excelencia científica das institucións e rexións que acollen os seus gañadores. Concretamente, os programas xestionados polo ERC apoian o mellor persoal investigador de calquera nacionalidade que desexe realizar investigacións en calquera dos 27 Estados membros da UE e os seus países asociados. Para tal fin, o ERC conta con diferentes tipos de axudas: *ERC Starting Grants*, da que é beneficiario o investigador gañador da bolsa este ano; *ERC Consolidator Grants*, *ERC Synergy Grant* e *ERC Advanced Grant*.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Desde a posta en marcha do programa Oportunius no 2014, apoiáronse 25 investigadores gañadores das axudas do ERC cunha achega total de 6,4M €; concedéronse 18 contratos de persoal investigador distinguido a gañadores ERC; acolléronse 39 proxectos financiados polo ERC de 31 investigadores, con fondos por valor de 57,17M €; captáronse 30,1M € en proxectos competitivos polos grupos de investigación liderados por gañadores ERC, e concedéronse apoios a 27 investigadores finalistas das axudas do ERC, dos cales cinco acadaron posteriormente a axuda do ERC.

Apoio aos finalistas ERC

Ademais, o Goberno galego tamén apoia o fomento da actividade dos investigadores finalistas das axudas do ERC no marco do programa *Horizon Europe*. Esta iniciativa busca impulsar a actividade dos investigadores que chegaron á fase final deste programa do ERC, pero non obtiveron apoio, para axudalos co fin de perfeccionaren os seus proxectos e obteren mellores resultados en vindeiras convocatorias.

Concretamente, a Xunta de Galicia acordou destinar este ano 300.000 euros a un convenio coas universidades públicas galegas e co CSIC para fomentar a actividade de seis investigadores. Os candidatos finalistas desta última convocatoria desenvolverán os seus traballos na USC (tres), na UDC (un), na UVigo (un) e na Misión Biolóxica de Galicia do CSIC (un), e cada beneficiario contará cun total de 50.000 euros repartidos en dúas anualidades

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA LANZA UNHA NOVA CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA PROGRAMAS SOCIAIS CON 28 M€ DE ORZAMENTO INICIAL

- Á espera de confirmarse a contía final, a convocatoria –financiada co 0,7 % do IRPF– podería ascender ata os 33 millóns de euros, un ascenso do 20 % con respecto ao ano pasado
- Destinarase a programas de protección da infancia, a atención das persoas maiores e con discapacidade, a inclusión social, a promoción da igualdade e a loita contra a violencia de xénero

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde a unha nova convocatoria de axudas con cargo ao 0,7 % correspondente ao cadro de fins sociais do imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF). Está destinada ao impulso de programas de carácter social por un importe inicial de 28 millóns de euros. Unha vez que o Goberno central confirme a contía final desta partida, a convocatoria podería ascender ata os 33 millóns de euros, o que suporía un ascenso do 20 % –5,5 millóns de euros– con respecto a 2023.

Poderanse beneficiar destas achegas as entidades que traballen no ámbito da Consellería de Política Social e Igualdade. É dicir, que desenvolvan accións destinadas á protección da infancia, á atención das persoas maiores e con discapacidade, á inclusión social, á promoción da igualdade entre homes e mulleres, ou á prevención da violencia de xénero e o apoio ás vítimas e aos seus fillos.

Estas axudas permiten, ademais, financiar obras ou mercar vehículos e outro tipo de equipamento. Ata agora, só podían utilizar as achegas para estes conceptos as entidades do ámbito da atención ás persoas maiores e con discapacidade, pero, como novidade, agora tamén poderán facelo as que se dedican á infancia, a familia e a inclusión social.

En 2023, financiáronse grazas a estas axudas arredor de 700 programas e accións de carácter social da man de case 150 entidades. Como na anterior convocatoria, o Goberno galego anticipará aos beneficiarios o 100 % da subvención cando lles sexa notificada a concesión, permitindo que a xustificación das achegas se realice posteriormente, unha vez completadas as actividades financiadas con esta partida.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA RENOVA O CONVENIO COA FUNDACIÓN MENIÑOS PARA OFRECER ATENCIÓN A MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA SEXUAL E ÁS SÚAS FAMILIAS

Nos próximos dous anos, o Goberno galego investirá nesta iniciativa máis de 540.000 euros, o que supón un notable incremento con respecto a convenios anteriores

A Xunta de Galicia acaba de renovar o convenio coa Fundación Meniños para ofrecer atención integral ás mulleres vítimas de violencia sexual, ás súas familias e ao resto da súa contorna. Nos próximos dous anos, o Goberno galego destinará máis de 540.000 euros a este acordo de colaboración.

A Fundación Meniños desenvolve dúas liñas de actuación neste ámbito: a atención e acompañamento ás vítimas de violencia sexual para axudalas a afrontar as consecuencias do abuso e mellorar o seu benestar psicosocial, e a intervención con outras persoas da súa contorna familiar que tamén se expuxesen a esa violencia, como poden ser os fillos.

A Xunta leva apoiando estes programas desde o ano 2018. Desde entón, atendéronse case 500 mulleres e o orzamento viuse incrementado notablemente. En comparación cos 140.000 euros do ano pasado, o Goberno galego investirá en 2024 case o dobre: máis de 250.000 euros, e 290.000 en 2025. Desta volta, apóstase por un convenio bianual para ofrecer unha maior estabilidade financeira á entidade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DECLARA COMO PROXECTO INDUSTRIAL ESTRATÉXICO A NOVA PLANTA DE XERACIÓN, ALMACENAMENTO E DISTRIBUCIÓN DE HIDRÓXENO VERDE ARTEIXO H2V

- A iniciativa, que supón un investimento de 49,3 M € e xa foi declarada como iniciativa empresarial prioritaria en decembro de 2023, estará localizada no parque de actividades económicas ACTECA (polígono de Morás) en Arteixo e está aliñada co Plan estratéxico de Galicia 2030 e coa Axenda enerxética de Galicia
- Trátase do noveno proxecto industrial estratéxico, e súmase así á planta de hidróxeno verde de Reganosa e EDP Renovables, á fábrica de pneumáticos de Sentury e á planta de biofibra reciclada de Ence -as tres nas Pontes-, á planta de metanol verde de Forestal del Atlántico en Mugardos, á de fibras téxtiles de Altri en Palas de Rei, á de hidróxeno renovable de Naturgy, Repsol e Reganosa en Cerceda, á planta de envasado e manipulación de peixe proxectada por Stolt Sea Farm en Rianxo e á de extracción de cobre nos concellos do Pino e Touro promovida por Cobre San Rafael

O Consello da Xunta aprobou hoxe a declaración como proxecto industrial estratéxico da planta de xeración, almacenamento e distribución de hidróxeno verde Arteixo H2V impulsada pola empresa Accionplug, S.L. no concello coruñés de Arteixo e máis concretamente en 6 parcelas do parque de actividades económicas ACTECA do polígono de Morás. A iniciativa contará cun investimento de 49,3 M € e prevé a creación de 25 empregos directos na fase de operacións.

O proxecto xa foi declarado iniciativa empresarial prioritaria o pasado mes de decembro. Coa declaración de proxecto industrial estratéxico maximízase o apoio ao seu desenvolvemento e obtéñense as vantaxes e axilización derivadas da aplicación desta figura.

A planta estará composta por catro módulos de electrolizadores de 5Mw cada un, onde se producirá o hidróxeno, e de equipamentos auxiliares para o almacenamento e distribución. Nomeadamente, equipamentos de sistemas de compresión, almacenamento e carga a baías, almacenamento e distribución de auga potable, sistemas auxiliares de refrixeración, aire e nitróxeno, ademais dun sistema eléctrico e unha subestación da planta cunha liña de 66 kV que se prevé que conecte a planta coa rede de distribución eléctrica. A capacidade produtiva media está cifrada en preto de 3.000 toneladas de hidróxeno verde ao ano (2.990).

O proxecto permitirá a produción de hidróxeno verde empregando enerxía de orixe totalmente renovable procedente da propia rede eléctrica a través dun acordo de compra de enerxía (PPA) que contará con certificados de orixe renovable e contribuirá á consecución de obxectivos estratéxicos a través do desenvolvemento de novos modelos de produción de enerxía verde. Nomeadamente, mediante o acordo para a subministración de hidróxeno renovable aos consumidores locais, que contribuirá á

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

descarbonización de sectores fundamentais na transición enerxética como o transporte de mercadorías pesadas e a industria.

Accionplug, S.L. nace no ano 2021 da unión de Acciona Enerxía e Plug Power co obxectivo de se converter nunha plataforma de referencia internacional na subministración de hidróxeno verde. De feito, a principal actividade da firma é a produción desta fonte de enerxía xunto co seu almacenamento, transporte e distribución nos eidos da industria e da mobilidade.

A declaración como proxecto industrial estratéxico enmárcase na filosofía da Lei de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, que busca a captación de investimentos. Permitirá, entre outros beneficios, a redución á metade dos prazos -agás os relativos á presentación de solicitudes e recursos-, mantendo as garantías técnicas, xurídicas e ambientais. Ademais, o proxecto incluírase no Plan autonómico de impulso e aceleración de proxectos industriais, creado a través da Lei 10/2023 de medidas fiscais e administrativas, que entrou en vigor o pasado 1 de xaneiro.

A planta Arteixo H2V cumpre cos requisitos para ser declarada como proxecto industrial estratéxico, entre os que se inclúen superar o investimento mínimo de vinte millóns de euros e complementar cadeas de valor que pertencen a sectores considerados estratéxicos e que estean aliñados cos obxectivos da Unión Europea ou que se integren no financiamento *instrumento temporal de recuperación europea Next Generation EU*. De feito, o proxecto de Accionplug, S.L. está comprometido cos obxectivos ambientais e de descarbonización marcados pola Unión Europea, así como co desenvolvemento da economía local. Tamén está situado nunha zona de transición xusta e cumpre co obxectivo 7 dos obxectivos de desenvolvemento sustentable (ODS), con distintos obxectivos do Plan nacional integrado de enerxía e clima, enmárcase na Estratexia de especialización intelixente para transformar Galicia (RIS3) e está aliñado co Plan estratéxico de Galicia 2030 e coa Axenda enerxética de Galicia.

A iniciativa súmase ás declaracións como proxecto industrial estratéxico de H2Pole, o centro de produción de hidróxeno verde promovido por Reganosa e EDP Renovables nas Pontes; á de Sentury Tire para implantar unha fábrica de pneumáticos tamén neste concello da provincia coruñesa; á planta de metanol verde en Mugar dos Forestal del Atlántico; así como á de fibras téxtiles de Altri en Palas de Rei; á planta de biofibra reciclada de Ence nas Pontes; á planta de hidróxeno renovable de Naturgy, Repsol e Reganosa en Cerceda; á planta de envasado e manipulación de peixe proxectada por Stolt Sea Farm en Rianxo e á de extracción de cobre nos concellos do Pino e Touro promovida por Cobre San Rafael.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA E O CONCELLO DE VALGA COLABORAN PARA RECUPERAR A CONTORNA DA ANTIGA MINA DE PORTO PIÑEIRO COMO ÁREA DE LECER

- O Consello do Goberno galego autorizou hoxe o convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria e este municipio pontevedrés por importe de 366.200 € para dotar o seu perímetro dun peche de protección axeitado
- Trátase de poñer en valor de xeito sustentable antigos espazos mineiros co obxectivo de recuperar e renaturalizar todos os arredores para o uso e desfrute da cidadanía

O Consello da Xunta autorizou na súa reunión desta mañá o convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria e o Concello de Valga para recuperar a contorna da antiga mina de extracción de arxila de Porto Piñeiro como área de lecer.

O obxectivo pasa por poñer en valor de xeito sustentable antigos espazos mineiros para recuperar e renaturalizar todos os arredores para uso e desfrute da cidadanía, e ao mesmo tempo revalorizar a importancia do patrimonio mineiro en Galicia, e conxugar a conservación patrimonial e a calidade paisaxística co desenvolvemento sustentable do municipio.

Neste marco, o acordo entre a Administración galega e o concello pontevedrés, por importe de 366.200 € dos que a Consellería de Economía e Industria achegará ata un máximo de 292.950,88 €, permitirá dotar o perímetro da antiga mina dun peche de protección axeitado que reforce a seguridade das persoas usuarias da futura área de recreo. De feito, entre as actuacións recollidas no convenio está a realización do peche perimetral con varandas acordes coa morfoloxía do terreo e que, polo tanto, non supoñan un impacto visual negativo na zona e na paisaxe.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A RENOVACIÓN DA COLABORACIÓN DA XUNTA E O COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA PARA DESENVOLVER O PROXECTO TERRA 2024-2026

- As actuacións previstas no marco deste convenio suporán un investimento de 360.000 €, un orzamento que será financiado nun 90 % por parte da Xunta
- O Proxecto Terra 2024-2026, que se vén levando a cabo desde o 2003, vai dirixido aos estudantes de educación infantil, primaria e secundaria, co obxectivo de reforzar o coñecemento sobre a arquitectura da comunidade e a identidade territorial
- Este programa consiste na realización de actividades, con material didáctico específico para cada etapa educativa, que contribúen á sensibilización sobre os espazos que habitamos, a paisaxe ou o respecto ao territorio
- Esta iniciativa, con máis de 20 anos de traxectoria, recibiu en 2010 o Premio Nacional de Urbanismo. Foi a primeira vez que se outorgou a unha iniciativa educativa

O Consello da Xunta autoriza a renovación do convenio de colaboración entre a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, a Axencia da Protección da Legalidade Urbanística e o Colexio de Arquitectos de Galicia (COAG) para desenvolver o Proxecto Terra 2024-2026.

As actuacións previstas no marco deste convenio suporán un investimento de 360.000 €, un orzamento que será financiado nun 90 % por parte da Xunta.

O acordo hoxe aprobado dá continuidade á materialización do Proxecto Terra ao longo dos anos 2024, 2025 e 2026. Este programa, que se vén levando a cabo desde 2003, vai dirixido aos estudantes das diferentes etapas da educación obrigatoria: infantil, primaria e secundaria. Neste sentido, cabe citar como novidade a incorporación ao convenio da Consellería de Educación.

O obxectivo desta iniciativa é mellorar o coñecemento dos cidadáns sobre a arquitectura da comunidade, así como da súa identidade territorial.

Trátase de afondar na incidencia da actividade humana sobre o territorio, implicando a cidadanía na calidade da construción dos espazos que habitamos e no respecto á ordenación urbanística.

Este programa consiste na realización de actividades amenas e creativas que contribúen á sensibilización e formación sobre os espazos e lugares habitados, a paisaxe e o dereito ao hábitat.

A través de material didáctico deseñado especificamente para cada etapa educativa, o hábitat estúdase afondando en diferentes aspectos, como son a paisaxe, o territorio, o urbanismo, a arquitectura ou o ambiente.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O citado proxecto combina educación e urbanismo, transmitindo como principal valor a importancia do respecto ao territorio e do coidado da riqueza paisaxística.

Máis de 20 anos do Proxecto Terra

Cómpre lembrar que o Proxecto Terra naceu hai máis de 20 anos da man dun grupo de profesores de secundaria e da universidade, co paradigma de que «aprender sobre a paisaxe e a arquitectura é saber como fomos construíndo como comunidade os espazos que habitamos, aprender do pasado para proxectar o futuro, asumir con responsabilidade na xestión deste patrimonio construído herdado, para administralo con sabedoría e traspasalo con xenerosidade».

A incorporación da Xunta e do COAG ao Proxecto Terra remóntase a 2003, mantendo unha colaboración continuada na elaboración de materiais e actividades didácticas, co fin de formar, difundir e ampliar os coñecementos da comunidade educativa en temas relacionados co territorio.

No ano 2010 o Proxecto Terra recibiu o Premio Nacional de Urbanismo. Foi a primeira vez que se outorgou a unha iniciativa educativa.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DÁ LUZ VERDE Á LICITACIÓN DOS CONTRATOS DE REDACCIÓN DE PROXECTOS E DIRECCIÓN DE OBRAS PARA A CONSTRUCCIÓN DE 124 VIVENDAS DE PROMOCIÓN PÚBLICA NO BERTÓN, EN FERROL

- O Goberno galego autoriza a licitación por máis de 900.000 euros de dous contratos de redacción de proxecto básico e de execución e dirección de obra de 124 inmobles, garaxes, rochos e locais nas parcelas 11 e 13 do sector PP1-R urbanizadas por Xestur
- A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas licitará nas vindeiras semanas estes contratos
- O Goberno galego tamén está a traballar en vivendas financiadas exclusivamente con fondos da Comunidade Autónoma, e na adquisición de vivendas de promoción pública aos seus propietarios actuais e na compra de inmobles da Sareb, ata sumar as 1.200
- Esta promoción forma parte do compromiso da Xunta de Galicia de acadar as 8.000 vivendas públicas nesta lexislatura, construindo novas vivendas nas grandes cidades e as súas áreas de influencia, e de desenvolver solo para 20.000 vivendas protexidas e 5.000 vivendas libres

O Consello da Xunta deulle hoxe luz verde á licitación dos contratos de redacción de proxectos para a construción de 124 novas vivendas de promoción pública no Bertón, no concello de Ferrol.

A licitación autorizada hoxe, por un importe de 920.914 euros, ten por obxectivo a adjudicación de dous contratos de redacción do proxecto básico e de execución e direccións de obra para a construción de 124 vivendas, garaxes, rochos e locais nas parcelas 11 e 13 do sector PP1-R do Bertón.

As vivendas de promoción pública construíranse en parcelas xa urbanizadas pola Xunta de Galicia neste polígono da cidade ferrolá.

O primeiro lote deste contrato impulsado pola Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, a través da Sociedade de Xestión do Solo de Galicia- Xestur Galicia, correspóndese coa licitación da redacción do proxecto básico e de execución e dirección de vivendas de promoción pública na parcela 11, por un importe de máis de 508.000 euros. O soar ten unha superficie de 2.243 m².

O lote segundo céntrase tamén na redacción do proxecto básico e de execución e dirección de 58 vivendas na parcela 13, nun soar que conta cunha superficie de 1.623 m², e por un importe que rolda os 453.000 euros.

Con estas novas contratacións, o Goberno galego, continúa impulsando a construción de vivenda de promoción pública nas grandes cidades e as súas áreas

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

de influencia, ademais de incrementar o parque de vivenda na Comunidade Autónoma.

Ademais dos proxectos cofinanciados con fondos dos programas de axuda en materia de rehabilitación residencial e vivenda social do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, a Xunta de Galicia está a traballar en vivendas financiadas exclusivamente con fondos da Comunidade Autónoma, así como na adquisición de vivendas de promoción pública aos seus propietarios actuais e adquisición de vivendas de Sareb. O número total de vivendas achégase ás 1.200.

Unha vez autorizada hoxe polo Executivo autonómico a licitación destes contratos, a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas licitará nas vindeiras semanas os dous lotes.

O Goberno galego segue avanzando no seu compromiso da mellora da situación do mercado da vivenda, e na Estratexia de vivenda pública e protexida que prevé, nesta lexislatura, duplicar o parque publico ata chegar ás 8.000 vivendas e desenvolver solo para 20.000 vivendas protexidas e 5.000 vivendas libres.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O PROXECTO DE TRAZADO PARA A RESTITUCIÓN DA VÍA LU-651 EN FOLGOSO DO COUREL, QUE SUPORÁ UN INVESTIMENTO DE 5,2 M €

- Autorízanse as expropiacións para acometer as obras para a reposición definitiva da LU-651 afectada polo afundimento, que agora dispón dun acceso provisional executado cun procedemento de emerxencia pola Xunta cun investimento de 1 M €
- Os traballos, que se acometerán por fases, inclúen a estabilización da ladeira afectada e a construción dun novo desvío que permita levar a cabo as actuacións
- Executarase unha variante do novo trazado a media ladeira, de 820 metros de lonxitude, coas mesmas prestacións que presentaba a estrada preexistente
- Levaranse a cabo actuacións complementarias como a drenaxe, o sostemento de noiros, sistemas de auscultación ou traballos de restauración ambiental
- Atendendo ás achegas, o proxecto construtivo definirá unha nova xeometría e ocupación do recheo de material sobranste do desprendemento e estabilización da ladeira, de xeito que o recheo evite calquera afección sobre os restos mineiros inventariados
- A previsión é convocar as expropiacións no segundo semestre deste ano, co obxectivo de licitar e iniciar a execución das obras en 2025

O Consello da Xunta acordou hoxe a aprobación do proxecto de trazado para a restitución da estrada LU-651 en Folgoso do Courel.

O Goberno galego destinará un investimento de 5,2 M € ás obras necesarias para a reposición desta vía autonómica, entre os puntos quilométricos 17+650 e 18+470, no treito afectado polo afundimento de varias galerías dunha explotación mineira e o derrubamento posterior da ladeira.

A aprobación definitiva da actualización deste proxecto comporta tamén a declaración de utilidade pública, pola que se dispón a urxente ocupación dos 38 predios necesarios para executar esta intervención.

Cómpre lembrar que tras o afundimento, a Xunta de Galicia executou unha actuación de emerxencia para habilitar un acceso provisional a Folgoso do Courel, en que investiu 1 M €, mentres avanzaba na definición da solución definitiva que foi aprobada hoxe.

A actuación definitiva autorizada hoxe polo Executivo autonómico, que se executará por fases, inclúe un novo trazado que ocupará parte da zona derrubada, despois de estabilización da ladeira.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

En concreto, o novo trazado realizarase a media ladeira, pois permite reconstruír a estrada co máximo coidado ambiental, evitando a afección á Rede Natura, e reducindo o movemento de terras e as alturas dos desmontes, o que implica maior seguridade viaria.

Deste xeito, para desenvolver esta intervención procederase á estabilización da ladeira afectada, mediante o recheo controlado dos ocos xerados e a retirada do material mobilizado.

Posteriormente, construírse un novo desvío provisional, que discorrerá en planta aproximadamente coincidente co antigo trazado da LU-651, para poder canalizar o tráfico mentres se executan as obras. Este desvío proxéctase porque para determinados traballos o acceso provisional quedará inutilizado, ao realizárense nel movementos de terras.

Finalmente, acometerase a construción da variante do novo trazado a media ladeira, de 820 metros de lonxitude, coas mesmas prestacións de que dispoñía a estrada existente.


Segundo o proxecto deseñado polo Departamento de Infraestruturas da Xunta tamén se levarán a cabo actuacións complementarias como a drenaxe, o sostemento de noiros, sistemas de auscultación ou traballos de restauración ambiental.

Ademais, atendendo ás consideracións feitas respecto do trazado sometido a información pública, no proxecto construtivo definirase unha nova xeometría e ocupación do recheo de material sobranste do desprendemento e estabilización da ladeira, de xeito que o recheo se sitúa fóra do impacto sobre os restos mineiros inventariados, sen afección sobre eles, e servirá de zona de aparcadoiro para unha posible visita aos restos, tendo en conta a posibilidade de que estes sexan rehabilitados nun futuro.

A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas realizará a convocatoria dos actos expropiatorios no segundo semestre deste ano, para poder licitar posteriormente a execución das obras. O prazo de execución dos traballos é de 12 meses.

Plano da actuación aprobada hoxe no Consello da Xunta:

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

LUZ VERDE Á LICITACIÓN DO NOVO COLEXIO DO MILLADOIRO, O PRIMEIRO QUE SE CONSTRUIRÁ CON BASE NOS PARÁMETROS DO PLAN DE NOVA ARQUITECTURA PEDAGÓXICA

- O Consello da Xunta aproba a construción deste novo centro, que dá resposta á necesidade de prazas nun dos concellos de maior dinamismo demográfico
- O investimento total ascende a case 9,8M €, o que supón máis do dobre estimado inicialmente, dadas as melloras no proxecto e o incremento dos prezos
- O colexio será totalmente accesible e contará con espazos multidisciplinares, flexibles e adaptados ao ensino do século XXI

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde á licitación da obra de construción do novo colexio CEIP do Milladoiro, o primeiro centro construído integramente con base nos parámetros do Plan de nova arquitectura pedagóxica e un compromiso da Xunta de Galicia para dar resposta á necesidades de prazas nun dos concellos de maior dinamismo demográfico de Galicia. O investimento total ascende a case 9,8M €, o que supón máis do dobre estimado inicialmente (4,5M €) debido, fundamentalmente, ás calidades e melloras en espazos e do incremento dos prezos dos materiais.

Xa no ano 2011 se construíu un novo instituto no Milladoiro, cun investimento de 5,4M €, para dar resposta ao incremento poboacional e a Xunta realizou e continúa executando novas actuacións de mellora e ampliación para dar resposta ás necesidades de escolarización dun dos concellos de maior dinamismo demográfico de Galicia. De feito, no concello de Ames está en marcha a ampliación do Colexio CEIP Agro do Muíño, cun orzamento superior aos 3,4M €.

A actuación será contratada pola Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas (a través da Axencia Galega de Infraestruturas) e sufragarase con fondos da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP, co cofinanciamento dos fondos europeos. Unha vez aprobado no Consello da Xunta, licitarase a obra. A previsión é poder iniciar as obras no primeiro semestre de 2025. O obxectivo é que o centro estea operativo no curso 2026/27.

Adaptado ao século XXI

O colexio será totalmente accesible e contará con espazos multidisciplinares, flexibles e adaptados ao ensino do século XXI. Cunha superficie total construída de 4.886m² distribuída en dous andares, o colexio contará con seis aulas de infantil e 12 de primaria, cos aseos correspondentes, así como outras catro de apoio educativo e desdoblamento de grupos, aula de música e sala de usos múltiples.

A biblioteca terá acceso directo desde o vestíbulo e desde o exterior e o ximnasio terá dúas alturas, gradas e vestiarios. Tamén estará dotado con área de administración (con despachos, conserxaría, local para a anpa etc.) comedor e zonas de servizos comúns.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

De acordo co establecido no Plan de nova arquitectura pedagóxica, o centro estará dotado dun foro multifuncional que servirá como espazo de aprendizaxe aberto. Situarase no espazo central do primeiro andar, entre as aulas de primaria e as de desdoblamento, creando unha relación entre as diferentes estancias e conectándose co patio mediante unha gran fiestra protexida da incidencia do sol.

Ademais, o novo colexio terá un espazo específico para Polo Creativo, en que o alumnado poderá traballar as competencias STEM a través de proxectos de robótica ou intelixencia artificial, equipado cos materiais necesarios. No que atinxe aos espazos exteriores, estará dotado de zona cuberta e descuberta exterior para as aulas de infantil e de pista polideportiva cuberta e descuberta.

Totalmente accesible

A accesibilidade do edificio fórmulase desde un punto de vista universal e inclusivo, evitando calquera tipo de barreira, con accesos directos tanto desde o interior como desde o exterior do edificio a boa parte das estancias. Deste xeito, o proxecto propón itinerarios de circulación intuitivos e libres de obstáculos, en prol dunha orientación máis sinxela, e espazos de comunicación ben iluminados con luz natural. Isto completárase coa colocación de sinalética de gran tamaño e cor facilmente visibles.

Ademais, tanto no exterior do edificio como nos espazos interiores haberá superficies podotáctiles que guíen ao acceso, vestíbulo e outros puntos de importancia do edificio. Os diferentes espazos exteriores serán tamén accesibles a todos mediante ramplas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A POSTA EN MARCHA DA PILOTAXE DO PROXECTO XENOMA GALICIA COA TOMA DE MOSTRAS DE ADN DE 2.000 CIDADÁNS DE ENTRE 35 E 70 ANOS

- O Consello da Xunta dálle o visto e praxe a unha addenda do contrato programa coa Fundación Pública Galega que permitirá aumentar o número de participantes e elevar o rango da idade do estudo, grazas a un investimento de 2,5 M €
- A cribaxe xenética permitirá determinar que pacientes teñen alto risco de padecer cancro de mama e ovario hereditario, síndrome de Lynch ou hipercolesterolemia familiar
- Prevese a contratación de persoal de alta especialización, ademais de subministracións e equipamento para o desenvolvemento da pilotaxe
- O proxecto Xenoma Galicia enmárcase dentro da aposta da Xunta pola prevención, fomentando a detección precoz das enfermidades e proporcionando tratamentos individualizados

O Consello da Xunta, na súa reunión de hoxe, autorizou a posta en marcha da pilotaxe do proxecto Xenoma Galicia coa toma de mostras de ADN de 2.000 galegas e galegos de entre 35 e 70 anos.

Así, o Goberno galego deulle o seu visto e praxe a unha addenda e prórroga do contrato programa da Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica para a realización da pilotaxe, financiada polo Goberno galego con 2,5 millóns de euros, para desenvolver o proxecto Xenoma Galicia.

Con este acordo, modifícase a estimación inicial do proxecto piloto que amplía o rango de idade das persoas ás cales se lles ofrecerá participar ata os 70 anos e tamén se incrementa o número de mostras xenéticas que se recollerán na pilotaxe ata as 2.000.

Entre as persoas voluntarias que participen nesta pilotaxe do proxecto Xenoma Galicia determinarase cales delas teñen alto risco de padecer cancro de mama e ovario hereditario, síndrome de Lynch ou hipercolesterolemia familiar, no marco da aposta da Xunta pola prevención das enfermidades, fomentando a súa detección precoz e proporcionando tratamentos individualizados.

Cómpre remarcar que a addenda autorizada esta mañá pola Xunta financia a contratación de persoal de alta cualificación, ademais de equipamento e subministracións, co obxecto de desenvolver esta iniciativa do Goberno galego.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Coa posta en marcha deste proxecto por parte da Xunta, ademais de facer unha cribaxe xenética de catro enfermidades, a gran contribución que se agarda para a sanidade pública e para a investigación mundial é a información que se conseguirá con este mapeo, que incluírá non só datos xenéticos senón tamén mostras biolóxicas e datos clínicos.

Esta iniciativa da Xunta garda relación coa denominada medicina 5P (personalizada, predictiva, preventiva, participativa e poboacional). Deste xeito, vaise un paso máis alá do modelo sanitario tradicional, ao avanzar cara a un paradigma en que o emprego das novas tecnoloxías e a análise masiva de datos permitirá deseñar tratamentos personalizados e adaptados ás necesidades específicas e individuais de cada paciente.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A LICITACIÓN DUN ACORDO MARCO PARA A PRESTACIÓN DE SERVIZOS SANITARIOS NA ÁREA DE PONTEVEDRA E O SALNÉS POR UN IMPORTE DE 11,1 M €

- Os servizos recollidos neste acordo marco resultan imprescindibles para dar unha axeitada asistencia sanitaria a pacientes do Servizo Galego de Saúde con carácter complementario aos propios
- O servizo de asistencia sanitaria complementaria aos usuarios do Servizo Galego de Saúde prestarase a toda a poboación da área coas mesmas garantías, reducindo as desigualdades e homoxeneizando e mellorando o acceso ás prestacións complementarias
- Con esta contratación mellórase a calidade da asistencia sanitaria, así como a redución das listas de espera para a realización de intervencións cirúrxicas

O Goberno galego autorizou hoxe a contratación, polo Servizo Galego de Saúde, do acordo marco mediante procedemento aberto, da prestación de servizos sanitarios da área sanitaria de Pontevedra e O Salnés, que atende unha poboación de arredor de 300.000 cidadáns. O orzamento de licitación é de 11.168.455 euros.

Esta contratación, que ten unha duración de catro anos, ten como finalidade a prestación de servizos sanitarios á poboación, tanto de tipo preventivo como asistencial e rehabilitador, de especial relevancia debido ao aumento da esperanza de vida, á cronicidade dos procesos e á presenza de dependencia e de discapacidades.

O impacto que desde o ano 2020 provocou a pandemia da Covid obrigou á reorganización do sistema sanitario para afrontar o importante incremento de pacientes xerados por esta enfermidade, sen deixar de atender o resto de doentes.

Os servizos sanitarios que se proporcionarán á poboación inclúen, entre outras, as seguintes prestacións: procesos de área médica, cirurxía xeral, cirurxía ortopédica e traumatoloxía, uroloxía, cirurxía vascular, otorrinolaringoloxía de alta, media e baixa complexidade, consultas, procedementos de diagnóstico ambulatorios e neuro-rehabilitación.

Estímase o acordo marco como o procedemento máis idóneo, por ser o mellor sistema a efectos de racionalización da contratación pública e acadar unha mellor eficiencia na tramitación dos expedientes, ao tratarse de prestacións de servizos de uso común en todos os centros sanitarios desta área.

Os servizos obxecto deste acordo marco resultan imprescindibles para dar unha axeitada asistencia sanitaria a pacientes do Servizo Galego de Saúde, con carácter complementario dos servizos propios. Trátase de prestacións incluídas na carteira de servizos comúns do Sistema nacional de saúde.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Por razóns de accesibilidade dos pacientes, o servizo de asistencia sanitaria complementaria aos usuarios do Servizo Galego de Saúde prestarase a toda a poboación desta área coas mesmas garantías, reducindo as desigualdades sanitarias, e homoxeneizando e mellorando o acceso dos usuarios ás prestacións complementarias.

Así mesmo, con esta contratación mellórase a calidade da asistencia sanitaria, así como a redución das listas de espera para a realización de intervencións cirúrxicas, ademais de velar polo cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e control do gasto, levando a cabo unha eficiente utilización dos fondos públicos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA IMPULSA UNHA NOVA EDICIÓN DO XUVENTUDE MENTORING PARA A FORMACIÓN E O EMPREGO XUVENIL

- O Consello dá o visto e praxe ao convenio co Consorcio para o Desenvolvemento de Aplicacións para a Xestión Universitaria
- Mediante o acordo, o Goberno galego destina ao programa case 1 M € para o período 2024-2025
- A iniciativa baséase no traballo coas persoas mentoras, as actividades formativas, a asistencia a eventos e empresas, e o seguimento dos participantes
- Trátase dunha ferramenta esencial da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude para potenciar o acceso ao mundo laboral entre a mocidade

O Goberno galego impulsa unha nova edición do programa Xuventude Mentoring a través do cuarto convenio de colaboración co Consorcio para o Desenvolvemento de Aplicacións para a Xestión Universitaria (axente integrador das tres universidades públicas galegas). O Consello da Xunta deu hoxe luz verde ao acordo para o período 2024-2025, ao cal se destina case un millón de euros, dando continuidade a unha iniciativa que busca incrementar as oportunidades de emprego para a mocidade inscrita no Sistema nacional de garantía xuvenil.

Así, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, consciente das dificultades da xente nova para descubrir a súa orientación profesional, o descoñecemento das metodoloxías máis axeitadas para a procura de emprego ou as limitacións para acceder a unha axenda de contactos óptima, continúa a apostar como unha ferramenta esencial por este novidoso programa iniciado en 2021.

A través do *Xuventude Mentoring* preténdese favorecer a transición da vida académica á laboral asentándose en catro piares fundamentais. En primeiro lugar, dáselle prioridade ao traballo coas persoas mentoras con asesoramento, apoio e acompañamento aos participantes. En segundo, propóñense diferentes actividades formativas, tanto presenciais coma en liña, que se completan co terceiro pilar, a asistencia a eventos de *networking* e visitas a empresas, destinadas a mellorar a empregabilidade e as redes de contacto. Por último, a través dun equipo de nove titores, lévase a cabo un seguimento continuado dos mozos favorecendo o contacto cos seus mentores.

750 persoas desde a súa posta en marcha no ano 2021 levan participado na iniciativa, acadando un éxito que xustificou a sinatura de novos convenios de colaboración para o seu financiamento ao longo dos seguintes anos. Deste xeito, a Xunta ten por obxectivo que a porcentaxe de inserción laboral dos participantes chegue ata o 50 %, cumprindo así coa promoción de medidas que favorezan a activación do emprego, especialmente para a xuventude.

Así, ao abeiro deste programa téntase construír unha plataforma integral de apoio á mocidade galega, polo que se atopa aberto á participación de entidades sociais,

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

empresas, asociacións empresariais ou clústeres, a través da sinatura dun modelo de adhesión como colaborador en materia de difusión e promoción da iniciativa.

Atópanse adheridas ao Xuventude Mentoring máis de 20 entidades que representan os sectores de coñecemento e profesionais estratéxicos da nosa Comunidade, como son as tres universidades galegas. Tamén forman parte desta proposta cinco clústeres e asociacións profesionais. É o caso do Clúster de Turismo de Galicia, o Clúster Tecnolóxico Empresarial das Ciencias da Vida, a Asociación Galega de Deseño e a Asociación de Jóvenes Empresarios de Galicia. En canto a fundacións e entidades, colaboran a Fundación Galicia Europa, a Fundación ERLAC, a Fundación Ronsel, Cogami e Igaxes. Finalmente as empresas Congalsa, Edicións Xerais de Galicia, Reclam, Bululú Creativos, Ingenyus, Dos Espacios, Marexada e NeoCK tamén participan no programa.

Desenvolvemento do programa

O Goberno galego subvenciona a iniciativa cunha achega de 198.407 € para as actividades que se desenvolvan no que resta de 2024 e de 801.592 € para as previstas en 2025. As axudas canalizadas a través da Xunta están cofinanciadas nunha porcentaxe do 60 % pola Unión Europea no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027.

Tras a difusión do programa e a captación das entidades colaboradoras e das persoas mentoras, vaise abrir a convocatoria, que contará cun máximo de 250 persoas. Como requisitos, deberán estar tituladas, ademais de estaren inscritas e ser beneficiarias do Sistema nacional de garantía xuvenil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia. Tras a selección, os participantes comezarán o programa con titorización, formación e *mentoring* e o seu posterior seguimento ata a súa finalización.

A selección de persoas participantes será levada a cabo polo equipo de xestión a través do propio espazo creado para o [programa](#). Ademais, a convocatoria será publicada na web de [Xuventude](#).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA POTENCIA CON MÁIS DE 1,4 M € AS AXUDAS CON CARGO AO 0,7 % DO IRPF PARA PROGRAMAS SOCIAIS DIRIXIDOS Á XUVENTUDE E AO VOLUNTARIADO

- O Goberno galego incrementa neste 2024 o orzamento ao incluír dúas novas liñas destinadas a acondicionar locais e adquisición de equipamento e material
- O Consello aproba a orde para regular a concesión de subvencións, cun importe máximo entre 10.000 € e 30,000 €, segundo o proxecto
- A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude pon en valor estas axudas de vertebración social que a cidadanía realiza a través da súa declaración da renda

A Xunta de Galicia reforza con máis de 1,4 M € as axudas con cargo ao 0,7 % do imposto sobre renda das persoas físicas e do imposto de sociedades no ano 2024 dirixidas á realización de programas sociais tanto para a xuventude como para o voluntariado. Trátase dun investimento autorizado hoxe polo Consello da Xunta e que ten como novidade que a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude incorpora dúas novas liñas, —de 100.000 euros cada unha delas— para que as entidades xuvenís e tamén as de voluntariado poidan acceder a subvencións para acondicionar o seus locais e adquirir equipamento e material.

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude potencia así un programa de axudas que se considera esencial e que permitiu, nos últimos anos en Galicia, a execución de importantes programas. Trátase, por tanto, dunhas achegas que constitúen na nosa comunidade un verdadeiro instrumento de vertebración social e que teñen o valor de que se levan a cabo a través da asignación tributaria da cidadanía coa súa declaración anual da renda.

Na convocatoria deste ano establecéronse catro liñas de axudas: unha para actuacións dirixidas á xuventude, outra para accións destinadas ao voluntariado e outras dúas para mellorar, respectivamente, os locais das entidades xuvenís e de voluntariado. Deste xeito, preténdese que contén con partidas para acondicionar as súas instalacións e posibilitaráselles a adquisición de material inventariable e equipamento. Precisamente estas dúas últimas liñas —que supoñen en global 200.000 € máis— son a novidade da convocatoria da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude para este 2024.

Fomentar hábitos saudables e mellorar a empregabilidade da mocidade

En canto ás liñas para actuacións dirixidas á xuventude, priorizaranse nestas subvencións aqueles programas que difundan hábitos de vida saudable entre a mocidade. De igual xeito, tamén son obxecto destas axudas aqueles proxectos que procuren a mellora da empregabilidade da xente nova, ao igual que aquelas iniciativas de educación non formal que faciliten a súa integración social.

No ámbito de accións destinadas ao voluntariado, valoraranse as iniciativas que fomentan a participación activa en entidades destas características. Tamén serán obxecto desta subvención aqueles programas dirixidos á formación das persoas

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

voluntarias e aqueles que teñan como finalidade sensibilizar a poboación en xeral sobre a importancia da acción voluntaria e o seu recoñecemento como axente de cambio e transformación social.

Requisitos das entidades para presentarse as axudas

Poderán ser beneficiarias desta orde de convocatoria as entidades do terceiro sector de acción social e a Cruz Vermella Española, sempre que reúnan requisitos, como o de estaren legalmente constituídas con dous anos de antelación á data da publicación da convocatoria no *Diario Oficial de Galicia* e debidamente inscritas no correspondente rexistro administrativo de ámbito autonómico.

De igual xeito, deben carecer de ánimo de lucro e os seus fins institucionais teñen que corresponder á realización e á execución de programas sociais de similar natureza á dos programas a que van dirixidas estas axudas.

Ademais, as entidades, asociacións, agrupacións, federacións ou confederacións deben contar con experiencia e especialización durante un prazo mínimo de 2 anos no ámbito territorial de Galicia na xestión e execución de cando menos un dos programas a que concorran, ademais de acreditaren que posúen os medios persoais e materiais necesarios para o desenvolvemento destas actuacións.

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente pola [sede electrónica da Xunta de Galicia](#) e o prazo será de un mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación da orde no DOG.

Proxectos e subvención máxima

Tamén cómpre precisar que o orzamento mínimo dun programa para poder presentarse a estas axudas debe ser de 5.000 €. Ademais, segundo a liña de subvención a que se queira acceder das catro existentes, está fixado un número máximo de programas que a entidade sen ánimo de lucro pode presentar. Nalgúns supostos só pode ser un único proxecto, mentres que noutros casos se posibilita ata un máximo de tres. O mesmo ocorre coa cantidade de axuda que se percibirá por proxecto, que nalgúns casos non poderá superar unha achega de 10.000 € e noutras iniciativas, o límite subvencionable son 30.000 €.

Os programas deben desenvolverse integramente no territorio da Comunidade durante o ano 2025, e a data límite de presentación da documentación xustificativa é o 15 de marzo de 2026.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA IMPULSA A SÚA APOSTA PARA FACILITAR A MOBILIDADE DOS TRABALLADORES ENTRE AS ZONAS FRONTEIRIZAS DE GALICIA E O NORTE DE PORTUGAL

- O Consello autorizou a sinatura do convenio coa Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia-Norte de Portugal para o desenvolvemento da actividade de coordinación do servizo de emprego Eures Transfronteirizo de ambas as rexións
- Deste xeito, ambas as partes seguirán contribuíndo a identificar as necesidades e oportunidades de emprego en Galicia e o norte de Portugal, para facilitar o acceso dos demandantes de traballo ao mercado laboral
- Entre os labores do Eures Galicia e Norte de Portugal está reunir os grupos de traballo impulsados polos servizos públicos de emprego galego e portugués e a atención a demandantes de emprego e empregadores
- O convenio estará en vigor desde a súa sinatura ata o 30 de xuño de 2026, que poderá prorrogarse se así o deciden as partes, e contará cun importe total de preto de 188.200 euros dentro do proxecto Eures 24-25 que se distribuirá nas anualidades 2024, 2025 e 2026

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do convenio entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e a Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia-Norte de Portugal para o desenvolvemento da actividade de coordinación do servizo de emprego Eures Transfronteirizo Galicia-Norte de Portugal. Deste xeito, ambas as partes continuarán impulsando este proxecto que facilita a mobilidade dos traballadores entre as zonas fronteirizas de Galicia e o norte de Portugal e responde ás necesidades de información nesta materia, tanto a persoas traballadoras como a empresarias.

Trátase dunha iniciativa que forma parte da aposta conxunta de asegurar a circulación de información sobre as ofertas e demandas de emprego entre as rexións fronteirizas, así como as condicións de vida e traballo nestas rexións. Con ese fin, o servizo Eures realiza distintas actividades de xestión que son obxecto deste convenio, entre elas, a elaboración do seu plan de actividades e o orzamento anual, axudar aos socios na planificación de accións, estimular a cooperación e a realización de accións conxuntas, así como promocionar e representar a estrutura nas accións desenvolvidas polos socios e por outros organismos e institucións.

Tamén se encarga de promover e organizar as reunións dos grupos de traballo específicos, impulsados polos servizos públicos de emprego de Galicia e Portugal, de impulsar as sinerxías con outros programas comunitarios, organismos e institucións e da atención a demandantes de emprego e empregadores, dando información sobre dereitos e obrigas no ámbito laboral transfronteirizo.

Dentro desta colaboración, a Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia-Norte de Portugal asumirá a realización de actividades de coordinación do Eures

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Transfronteirizo Galicia-Norte de Portugal e a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración aboaralle os gastos producidos.

Para iso o convenio estará en vigor desde a súa sinatura ata o 30 de xuño de 2026, que poderá prorrogarse se así o deciden as partes, e contará cun importe total de preto de 188.200 euros no marco do proxecto Eures 24-25, que se distribuirá nas anualidades 2024, 2025 e 2026. Esta colaboración está cofinanciada pola Unión Europea, a través do programa FSE+ de Galicia 2021-2027.

Esta acción contribúe a coñecer as tendencias do mercado laboral de Galicia e o norte de Portugal e, polo tanto, a identificar as necesidades e oportunidades de emprego nestas rexións para facilitar o acceso a el aos demandantes de traballo. Ao mesmo tempo, é de grande utilidade para as administracións de cara ao deseño de accións adaptadas ás necesidades das empresas e traballadores en materia de emprego, formación e mobilidade.

A rede Eures e o Eures Transfronteirizo Galicia-Norte de Portugal

En toda Europa existen sete estruturas Eures -*EUROpean Employment Services*- que forman unha rede de cooperación entre a Comisión Europea e os servizos públicos de emprego dos Estados membros coa función de facilitar información sobre oportunidades de emprego e condicións de vida e traballo no Espazo Económico Europeo.

Estas estruturas están formadas por socios pertencentes á Administración pública, organizacións sindicais e empresariais e institucións universitarias das partes implicadas. Realizan o seu labor a través dun programa de actividades e en colaboración cos respectivos servizos públicos de emprego, que contan cunha rede de conselleiros e colaboradores nas oficinas próximas á zona fronteiriza que se encargan dos labores de información, orientación e colocación e atenden as dúbidas de demandantes de emprego e empresarios interesados no mercado laboral europeo e transfronteirizo.

Os membros e as partes asociadas de Eures colaboran a escala transfronteiriza co fin de aumentar a capacidade dos traballadores para traballar no estranxeiro e a dos empregadores de buscar e atopar traballadores no outro Estado membro.

Unha das estruturas transfronteirizas Eures é a de Galicia-Norte de Portugal, que foi creada en decembro de 1997 mediante a sinatura dun convenio marco de colaboración entre distintos socios, entre os que se atopan o Instituto de Emprego e Formación Profesional (Lisboa-Portugal) e a Xunta de Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA PREVÉ BENEFICIAR PRETO DE 150 PERSOAS COA SEGUNDA FASE DO PROXECTO PIONEIRO DE ARRAIGAMENTO PARA A FORMACIÓN DIRIXIDO A MIGRANTES EN SITUACIÓN IRREGULAR

- O Consello do Goberno galego autorizou a sinatura de senllos convenios entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e Cáritas Federadas en Galicia, Cáritas de Lugo e a Federación de Escolas Familiares Agrarias (EFA) de Galicia
- A Xunta investirá preto de 1 M € nas tres colaboracións, tras ter beneficiado con estas entidades na 1ª edición máis de cen persoas das que arredor dun 70 % conseguiron un traballo indefinido grazas ás microformacións recibidas a través de case 60 cursos
- O obxectivo da iniciativa é que os migrantes en situación irregular poidan obter unha autorización de residencia e de traballo, ao tempo que se contribúe a facer fronte á escaseza de man de obra en certos sectores do mercado laboral
- Así, as primeiras formacións impartidas centráronse en eidos como o turismo e a hostalaría, a atención sociosanitaria, a construción, a gandaría, a produción agroalimentaria, a limpeza, o mantemento de maquinaria ou a beleza, entre outros
- O Goberno galego fai valer as microcredenciais obtidas con estas formacións nas alegacións que elabora -en coordinación con empresas e entidades do terceiro sector- ao borrador de real decreto polo que se aproba o novo Regulamento de estranxeiría

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura de tres convenios de colaboración entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e Cáritas Federadas en Galicia, Cáritas Diocesana de Lugo e a Federación de Escolas Familiares Agrarias (EFA) de Galicia co gallo de dar continuidade ao programa de arraigamento para a formación dirixido a persoas migrantes en situación irregular que deu comezo o ano pasado de xeito pioneiro.

Tras ter beneficiado con estas mesmas tres entidades máis de 100 persoas -das que o 100 % das que recibiron microformacións a través de case 60 cursos conseguiron permiso de residencia e arredor dun 70 % acadaron un traballo indefinido-, o obxectivo agora é chegar ata finais do ano que vén aos 145 migrantes con autorización de residencia e de traballo que faciliten a súa integración sociolaboral e a regularización da súa situación, ao tempo que se contribúe tamén a facer fronte á escaseza de man de obra en certos sectores do mercado laboral.

Con case 1 millón de euros de investimento autonómico total, os novos convenios volven botar man da figura do arraigamento para a formación prevista para persoas que residan en España en situación irregular e que cumpran un compromiso efectivo de formación co obxectivo de poder obter unha autorización de residencia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Así, poderase -por un lado- obter persoal coa formación necesaria para cubrir postos que ofertan as empresas e -por outro- incorporar ao mercado laboral persoas que se atopan traballando de maneira precaria ou directamente irregular. En concreto, poderán beneficiarse persoas en situación irregular en España, cunha permanencia mínima de dous anos no país, sen antecedentes penais e que se comprometan a realizar unha formación das establecidas, para poder obter unha autorización de residencia e, posteriormente, unha autorización de residencia e de traballo. Este ano, como novidade, non se exixirá como requisito a inscrición previa con tres meses de antigüidade no padrón en Galicia.

Desenvolvemento do convenio

O proxecto consta dun itinerario de arraigamento para a formación que arrancará coa captación de potenciais participantes, coa prospección empresarial para determinar ámbitos de formación con máis posibilidades de inserción laboral e coa selección de beneficiarios. Despois, elaboraranse itinerarios individualizados en que deberán incluírse accións de diagnose, deseño, seguimento e acompañamento, así como de adquisición e/ou fortalecemento de capacidades para o acceso e permanencia no mercado laboral.

Seguidamente, o proxecto prevé a formación capacitante para obter a autorización de arraigamento para a formación segundo os resultados da prospección empresarial, incluíndo tamén -como novidade- contidos a prol da igualdade entre homes e mulleres e a posibilidade de financiamento do permiso de conducir clase B para as persoas que - polo seu perfil- poidan precisalo de cara a aumentar as súas oportunidades laborais. Por último, a inserción laboral dos participantes deberá producirse a través dun contrato de traballo relacionado coa familia profesional da formación recibida e acreditada no arraigamento para a formación, e prevese o acompañamento e seguimento individualizados durante todo o proceso.

No marco dos convenios, as entidades Cáritas Federadas en Galicia, Cáritas Diocesana de Lugo e a Federación de Escolas Familiares Agrarias comprométese a desenvolver todas as accións e funcións descritas e a poñer á disposición os recursos humanos e materiais precisos para a súa execución. Pola súa banda, a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, máis aló de achegar preto de 1 millón de euros en total, facilitará a información de que dispoña relativa a ofertas de traballo non cubertas e aos perfís profesionais máis demandados.

Balance 2023

Coa previsión de acadar os 145 migrantes beneficiarios, dos que polo menos un cento consigan traballo, a iniciativa dá continuidade ao levado a cabo desde o pasado ano 2023, cando a máis dun centenar de persoas se lles elaboraron itinerarios individualizados de arraigamento para a formación. Delas, o 100 % das que recibiron as microformacións conseguiron permiso de residencia e arredor do 70 % tiveron autorización de residencia e de traballo para incorporárense a empregos de carácter indefinido, empregos relacionados cos contidos impartidos nun total de 59 accións realizadas nas catro provincias, centradas en eidos como o turismo e a hostalaría, a atención sociosanitaria, a

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

construción, a gandaría, a produción agroalimentaria, a limpeza, o mantemento de maquinaria ou a beleza, entre outros.

Cómpre engadir que todas as accións formativas impartidas foron orientadas á obtención de microcredenciais, unha tipoloxía de formación que a Xunta fai valer no marco das alegacións que está a elaborar -en coordinación con empresas e entidades do terceiro sector- ao borrador de real decreto polo que se aproba o Regulamento da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España ea súa integración social.

Así, o Goberno galego acredita con estes convenios que as experiencias de aprendizaxe de curta duración son unha vía complementaria idónea de cara a fomentar a empregabilidade e a regularización das persoas migrantes en situación irregular, ao tempo que se contribúe a dar resposta ás necesidades do mercado laboral.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

GALICIA SERÁ PIONEIRA EN CREAR UNHA REDE DE CENTROS ASOCIADOS DE FORMACIÓN PARA O EMPREGO PARA GARANTIR UNHA MAIOR ADAPTACIÓN ÁS NECESIDADES DAS EMPRESAS

- Cun orzamento de case 12,3 M € o Goberno galego aprobou o procedemento de contratación para impulsar o primeiro proxecto destas características en España, que ofrecerá formación dos graos A, B e C para persoas desempregadas
- A medida contribúe a complementar a oferta dos centros públicos e outras entidades coa vantaxe de ofrecer maior flexibilidade e inmediatez para programar cursos nas datas e territorios EN que se detecten necesidades formativas
- A nova rede considera oito das familias profesionais máis demandadas polo tecido produtivo, como forestal, edificación e obra civil ou pesca e navegación
- No marco da aposta da Xunta por flexibilizar a formación e avogar por experiencias curtas de aprendizaxe, o 6 de setembro abre unha convocatoria pioneira para financiar accións formativas a demanda das empresas para persoas traballadoras ocupadas

No marco da aposta estratéxica da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración por fomentar as microformacións e dar resposta ao reto de cubrir as vacantes laborais existentes no mercado, o Consello da Xunta deu hoxe luz verde ao procedemento de contratación dun proxecto pioneiro no eido da formación para o emprego a nivel estatal, a través do que Galicia será a primeira comunidade en establecer unha rede de centros asociados para impartir a persoas desempregadas formación profesional dos graos A, B e C en oito das especialidades profesionais máis demandadas polas empresas actualmente.

Como principal novidade, esta medida contribúe a complementar e reforzar a oferta formativa para desempregados que xa se ofrece en centros públicos e outras entidades coa vantaxe de achegar á Xunta unha maior flexibilidade e inmediatez á hora de programar formacións de xeito desestacionalizado e de carácter inmediato a través destes centros xusto naqueles territorios onde se precise a incorporación de profesionais en determinadas áreas, podendo establecer os lugares, datas e número de edicións máis axeitados en cada lugar, co gallo de cubrir en cada contorna ás necesidades detectadas.

Esta contratación encádrase na estratexia da Xunta por flexibilizar a formación para o emprego a través das microformacións, unha aposta en que se está poñendo o foco en tres grandes eixos: a mellora da empregabilidade das persoas sen traballo -en que se inclúe esta nova rede-, a recapitación das persoas traballadoras ocupadas -é o caso da recente orde pioneira de 4 millóns de euros que permite ás empresas solicitar formación a demanda- e necesidades específicas de cada sector estratéxico, con convenios cos principais clústeres galegos e entidades representativas do tecido produtivo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Detalles da convocatoria

A través desta contratación -cun orzamento de case 12,3 millóns de euros e un prazo de execución de dous anos, prorrogable por outros dous- a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración contará cunha rede de centros asociados -complementarios aos públicos- e especializados en determinadas familias profesionais, seleccionadas polas súas necesidades de formación e de incorporar talento, así como polo seu carácter estrutural na formación certificable. Concretamente, a convocatoria inclúe as áreas profesionais de forestal, agricultura, enerxías renovables, máquinas electromecánicas, maquinaria e equipo industrial, pesca e navegación, conducción de vehículos por estrada e edificación e obra civil.

O programa formativo recolle desde a amplitude dun certificado profesional (grao C, ata 1.000 horas) ata unha microformación concreta de 40 horas (grao A), pasando por un certificado de competencia (grao B, entre 200 e 300 horas). En definitiva, poderase impartir un certificado profesional completo, ou fragmentalo de xeito cirúrxico, optando só por algún dos seus módulos ou ata por algún bloque formativo dentro deses módulos, segundo as necesidades detectadas.

Como exemplo, para dar resposta á demanda existente no sector da pesca e navegación, prevese programar unha microformación (grao A) sobre operacións de carga, estiba, desestiba, descarga e transbordo, onde se precise a incorporación de profesionais con estes coñecementos. Así mesmo, incentívase a impartición de cursos conducentes a certificados profesionais (grao C) en especialidades tan demandadas como fábricas de albanelaría, operacións auxiliares de revestimentos continuos en construción e conducción de autobuses ou de vehículos pesados de transporte de mercadorías, tamén no lugar, datas e co número de edicións que se precisen para responder ás necesidades.

As accións formativas incluídas nesta iniciativa -con base en fondos procedentes do Ministerio de Educación, Formación Profesional e Deportes- están destinadas prioritariamente a desempregados. Tamén poderán participar os traballadores ocupados, inscritos en mellora de emprego, ata un límite do 30 % de cada familia profesional, sempre e cando as prazas non se cubran con persoas desempregadas. A modalidade de impartición será presencial e non se permitirá o uso de aula virtual. As capacitacións terán un carácter eminentemente práctico.

Microformacións a demanda das empresas

No marco desta aposta, e cun orzamento de 4 millóns de euros, estará aberto desde o próximo 6 de setembro ata o 31 de outubro o prazo de solicitude da xa mencionada convocatoria pioneira destinada especificamente ao financiamento de accións formativas a demanda do tecido produtivo galego e dirixidas a persoas traballadoras ocupadas.

A orde, ademais de incentivar a obtención de certificados profesionais, prevé tamén de xeito decisivo as formacións de curta duración, e mesmo as microformacións, co obxectivo de garantir -sen rixidez e de xeito áxil e inmediato- a adquisición de novos coñecementos requiridos hoxe polas empresas galegas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Isto permitirá reforzar a capacitación dos traballadores, fomentando o seu crecemento profesional, e cubrir os perfís relacionados coas competencias e habilidades máis demandadas polo tecido empresarial. Para poder beneficiarse da axuda, as entidades ou centros de formación acreditados deberán presentar, xunto coa solicitude, un compromiso previo de participación dun número de alumnos mínimo: 10 no caso de formacións presenciais e 15, en teleformación.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ASINA UN CONVENIO CO CETGA PARA AFONDAR NA DIVERSIFICACIÓN DE ESPECIES E INVESTIGAR SOBRE O CULTIVO EN CATIVIDADE DO SALMONETE DE ROCHA

- O convenio recolle un financiamento plurianual de máis de 150.000 euros e recolle que a actividade investigadora se prolongará ata o ano 2027, cando se presentará o informe cos resultados finais
- As características biolóxicas desta especie autóctona faina susceptible de ser cultivada en condicións similares ao rodaballo e o linguado de cuxa produción Galicia é líder europeo
- Está enmarcado na Estratexia de especialización intelixente (RIS3) de Galicia 2021-2027 que define as políticas de investigación e innovación da comunidade no desenvolvemento dun modelo de xestión máis eficiente

Hoxe o Consello da Xunta deu o visto e prace á sinatura do convenio entre a Consellería do Mar o Centro Tecnolóxico do Clúster da Acuicultura (Cetga) para a realización dun proxecto de investigación dirixido á diversificación de especies na piscicultura galega mediante o cultivo do salmonete de rocha (*Mullus surmuletus*). Deste xeito súmanse os recursos persoais e técnicos tanto do Cetga como do Centro de Investigacións Mariñas (CIMA), dependente da Consellería do Mar, co obxectivo de facilitar a execución desta ambiciosa iniciativa que pretende facer compatible o cultivo desta especie coa do linguado, da cal Galicia é líder europeo.

Con este convenio, que conta cunha dotación plurianual de máis de 150.000 euros, ponse en marcha un proxecto que procura ampliar o panorama piscícola da comunidade especializado ata o momento na produción de peixes planos, fundamentalmente rodaballo e linguado, contribuíndo a diversificar os riscos de mercado ou patolóxicos entre outros. O documento recolle que as tarefas de investigación se prolongarán ata o ano 2027, das cales se fará un seguimento anual ata o final do proxecto, cando será presentado o informe cos resultados finais.

O estudo da introdución do cultivo do salmonete de rocha responde ás características biolóxicas desta especie que a converten nunha boa candidata, xa que se trata dunha especie autóctona de escasas capturas e moi prezado polo consumidor, que é susceptible de ser criado en tanques de fondo plano similares aos que se utilizan no cultivo do rodaballo ou do linguado. Deste xeito, poderíase producir sen a necesidade de construír novas infraestruturas específicas, podendo utilizar as mesmas en que se crían peixes planos en Galicia.

Estratexia de especialización

Esta acción está enmarcada na Estratexia de especialización intelixente (RIS3) de Galicia 2021-2027 que define as políticas de investigación e innovación da comunidade. Entre os seus obxectivos está o desenvolvemento dun modelo de xestión baseado na modernización dos sectores tradicionais galegos mediante a introdución de melloras na eficiencia e rendemento no uso dos recursos. Así, este proxecto vai e liña coas

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

prioridades recollidas neste documento entre as cales está acadar un ecosistema científico máis aberto e integrado.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA E A UNIVERSIDADE DE VIGO REFORZAN A SÚA COLABORACIÓN PARA MELLORAR, A TRAVÉS DA CRIOPRESERVACIÓN, A PRODUCCIÓN DE BIVALVOS NO LITORAL GALEGO

- O Consello da Xunta deu hoxe luz verde á sinatura do novo convenio de colaboración entre ambas as entidades que permitirá impulsar os sectores do marisqueo e da acuicultura
- A Consellería do Mar destina a esta acción preto de 57.000 euros, e levarase a cabo nos centros de investigación de Corón (Pontevedra) e de Ribadeo

O Consello da Xunta deu o visto e prace ao convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e a Universidade de Vigo para a participación na acción de investigación Criopreservación de larvas de invertebrados mariños de interese comercial, a través do cal o departamento autonómico impulsará os sectores do marisqueo e da acuicultura, achegando preto de 57.000 euros.

A acción investigadora levarase a cabo nos centros de investigación mariña (CIMA) de Corón (Pontevedra) e no de Ribadeo, dando continuidade así ao traballo de análise que desenvolve a Administración autonómica para avanzar na xestión no medio natural e no seu cultivo. Trátase, en definitiva, de dar resposta tamén á necesidade de formación e posta a punto de técnicas de criopreservación de gametos e larvas das principais especies de invertebrados mariños de interese comercial en Galicia, coa finalidade de optimizar os procesos de produción de semente e xuvenís en criadeiro.

Para iso será formado o persoal de investigación e técnico dos dous centros de investigación do CIMA por parte de persoal cualificado e adestrado en criobioloxía da Universidade de Vigo e dotaranse ambos os centros da infraestrutura necesaria para desenvolver esta tecnoloxía para alcanzar o mantemento das mostras criopreservadas de forma segura.

Os obxectivos son mellorar o rendemento do criadeiro de moluscos bivalvos e equinodermos, desde un punto de vista técnico, económico e ambiental, tal que poida producir exemplares xuvenís en calquera época do ano, evitando, mediante o almacenamento tecnolóxico, a perda de stirpes moi valiosas desde o punto de vista científico, biolóxico, ambiental e económico; contribuír ao deseño dun paquete tecnolóxico para un criadeiro de invertebrados mariños que poida ser escalado a nivel industrial, pola iniciativa privada; aproveitar as épocas naturais de posta, para obter o máximo rendemento nas desovas e posterior obtención de larvas, co mínimo custo posible técnico, económico e ambiental; ou crear un biobanco nos dous centros para o mantemento das mostras criopreservadas e de protocolo que garantan a calidade das mostras para unha transferencia segura e eficiente entre centros e outras institucións.

Galicia, referente en España

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Os moluscos bivalvos son un importante recurso en Galicia, tanto os procedentes do marisqueo como os da acuicultura, e a nosa comunidade é un referente dentro do Estado pola súa produción e calidade contrastada. A súa produción necesita desenvolver ferramentas biotecnolóxicas para mellorar as boas prácticas de traballo, que permitan manter ou mellorar a produción de especies de interese comercial de xeito eficiente.

O ourizo de mar é unha especie de alta importancia, que xerou case 2,8 millóns de euros ao ano, cunha media de 644.000 quilos anuais. Desde 2010 mantén unha produción bastante estable ao redor de 656.000 quilos, cun valor medio duns 3,8 millóns. Non obstante, existe unha preocupación crecente nos sectores produtivos pola tendencia a minorar as cotas de captura por embarcación ou mariscador nos plans de xestión. Isto fai que este recurso mereza ter maior soporte mediante a produción de xuvenís en criadeiro.

Neste contexto, estase a traballar nun paquete biotecnolóxico integrado de produción de semente en criadeiro nos CIMA de Corón e de Ribadeo, baseado na criopreservación de gametos e larvas de invertebrados mariños.

A criopreservación, unha solución

En xeral, os criadeiras industriais aproveitan os períodos de maduración natural para provocar a desova das especies obxectivo. Ben que moitos criadeiras fan unha fase de acondicionamento, en xeral, é cara e, en moitas ocasións, a calidade de posta non sempre cumpre as expectativas. A criopreservación estase amosando, por tanto, como unha solución biotecnolóxica que pode despexar este importante aspecto, de xeito que se poden facer desovas masivas dunha ou varias especies, onde unha parte pode ser cultivada inmediatamente e outra criopreservada para, en función da demanda, realizar novos cultivos. Por tanto, as posibilidades de produción controlada que proporciona este sistema son moi variadas e permiten unha importante adaptación aos ciclos biolóxicos das diferentes especies e as necesidades do sector primario.

Na actualidade, estase traballando con esta técnica en diversas especies de venéridos de interese comercial en Galicia. Neste sentido, faise necesaria unha investigación polo miúdo co berberecho *Cerastoderma edule*; bivalvo de vital importancia económica cuxas poboacións sufriron moito pola presenza do parasito *Marteilla cochillia*. Curiosamente, as técnicas de criopreservación que funcionan ben para outros venéridos, son ineficientes con este bivalvo e merecen unha especial atención. A seleccións de poboacións que se manteñen en cultivo ou as concentracións de larvas durante o proceso de criopreservación son básicos para unha boa praxe a nivel científico e o posterior escalado industrial.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ASINA UN CONVENIO COA USC PARA AVANZAR NA LOITA CONTRA AS INFECCIÓN NOS CULTIVOS LARVARIOS DE INVERTEBRADOS MARIÑOS

- O convenio recolle un financiamento plurianual de preto de 150.000 euros e recolle que a actividade investigadora se prolongará ata o ano 2027, cando se presentará o informe cos resultados finais
- O proxecto procura minimizar o efecto das bacterias patóxenas sobre as fases larvárias en cultivo mediante un enfoque ecolóxico e biotecnolóxico que permita garantir a subministración adecuada de semente para os bancos marisqueiros
- Nesta investigación participará o Laboratorio de Parasitoxía do Instituto de Investigación do Medio Acuático para unha Saúde Global (IARCUS) dependente da Universidade de Santiago de Compostela

Hoxe o Consello da Xunta autorizou a sinatura do convenio entre a Consellería do Mar e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización dun proxecto de investigación dirixido á implementación de novos métodos de loita biolóxica para a mellora do cultivo de larvas de invertebrados mariños en criadeiro. No labor investigador participarán o Centro de Investigacións Mariñas (CIMA) de Ribadeo, dependente da Consellería do Mar, e o Laboratorio de Parasitoxía do Instituto de Investigación do Medio Acuático para unha Saúde Global (IARCUS), dependente da universidade galega, que conta cunha ampla experiencia de patoloxías en acuicultura.

Con este convenioponse en marcha unha iniciativa que procura o desenvolvemento de medidas de control biolóxico activo para combater as infeccións bacterianas asociadas ao cultivo larvario en criadeiro sen necesidade da utilización de desinfectantes químicos ou de antibióticos. Deste xeito minimizaríanse as perdas económicas que provocan na acuicultura mediante a contención do exceso de crecemento de bacterias patóxenas nos cultivos a través dun enfoque ecolóxico e biotecnolóxico.

O Goberno galego financiará os traballos científicos cun investimento plurianual de preto de 150.000 euros, os cales se prolongarán ata o ano 2027 cando será presentado o informe cos resultados finais. As accións previstas van encamiñadas a analizar as propiedades bacteriófagas de varias especies de ciliados e de amebas para determinar a súa capacidade de protexer as larvas infectadas experimentalmente con bacterias patóxenas, tamén á optimización do seu cultivo en masa e escalado para a súa utilización en criadeiro como sistema de control biolóxico activo alternativo ao uso de antibióticos

Investigación galega

A Xunta segue apoiando a investigación galega como ferramenta imprescindible para a solución aos problemas do sector marisqueiro. Nesta liña, esta acción está enmarcada na Estratexia de especialización intelixente (RIS3) de Galicia 2021-2027, que define as políticas de investigación e innovación da comunidade. Entre os seus obxectivos está o desenvolvemento dun modelo de xestión baseado na modernización dos sectores

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

tradicionais galegos introducindo melloras na eficiencia e rendemento no uso dos recursos. Así, este proxecto en que colaboran CIMA e IARCUS contribúe a acadar un ecosistema científico máis aberto e integrado, fortalecendo unha investigación de calidade e impacto.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

MÁIS DE 600.000 USUARIOS VIAXARON EN 2023 NOS SERVIZOS DE AUTOBÚS MUNICIPAIS QUE PRESTA A XUNTA A TRAVÉS DE CONVENIOS ASINADOS CON 10 CONCELLOS

- O Consello da Xunta coñeceu hoxe un informe sobre o impacto na mobilidade das 27 liñas de interese municipal en que se prestan máis de 66.000 servizos cada ano no marco das concesións do Plan de transporte público de Galicia
- A Xunta investiu en 2023 máis de 408.000 euros no mantemento das vantaxes tarifarias nos servizos municipais e máis de 155.000 euros de xaneiro a abril
- Arteixo é o concello con maior número de liñas SIMU activas e o que asume unha maior achega económica municipal, mentres Pontevedra é o que rexistrou máis usuarios

O Consello da Xunta abordou hoxe os resultados dun informe sobre a evolución dos servizos de autobús de interese municipal (SIMU) que se prestan no marco das concesións do Plan de transporte público de Galicia a través de convenios con 10 concellos. O balance constata que en 2023 máis de 600.000 usuarios viaxaron nestas liñas e que a demanda medrou un 24 % no inicio deste ano con respecto ao anterior, con máis de 230.000 persoas usuarias nos primeiros catro meses.

O documento avalía o impacto na mobilidade das liñas SIMU con que se reforzan determinadas conexións do transporte público no ámbito dos municipios, mantendo as vantaxes tarifarias do transporte autonómico. A mellora do servizo impúlsase a través dos convenios vixentes en Ames, Arteixo, Cambre, Culleredo, Nigrán, Oleiros, Pontevedra, Teo e Tordoia, aos cales se sumou Sanxenxo desde o pasado mes de xuño. En conxunto, os 10 convenios activaron 27 liñas que atenden 347 paradas e que prestan 66.843 servizos ao ano.

Arteixo e Cambre son os concellos coa maior oferta de liñas municipais incorporadas ao autobús autonómico, con oito e sete liñas, respectivamente. Mentres, o maior número de servizos ao ano, con máis de 17.800 circulacións anuais, atópase en Pontevedra, onde o transporte urbano se presta a través das dúas liñas SIMU que se activaron mediante o convenio coa Xunta.

Resposta ás necesidades municipais

Esta tipoloxía de servizos avaliados no informe adáptase ás circunstancias concretas dos concellos para mellorar as conexións do seu ámbito municipal. Así, a liña activada mediante o convenio con Tordoia atende necesidades en tempada lectiva, mentres Arteixo e Nigrán reforzan o servizo en maior medida durante o verán e Sanxenxo activou servizos que funcionan durante os meses de xullo e agosto. No resto de concellos as frecuencias mantéñense ao longo do ano.

O concello con máis viaxeiros nas liñas municipais en 2023 foi Pontevedra, con 440.000 usuarios, seguido de Arteixo, con 99.000. No comezo de 2024, o maior crecemento da

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

demanda rexistrouse en Nigrán, cun 63 % máis con respecto ao ano anterior, seguido de Pontevedra e Arteixo, cun 25,2 % e un 24,6 %, respectivamente.

O mantemento destes servizos no marco das concesións de autobús interurbano de competencia autonómica supuxo un investimento adicional da Xunta de máis de 408.000 euros en 2023 e máis de 155.000 euros no primeiro cuadrimestre de 2024, un 24,2 % máis que o ano anterior. Con estas achegas, a Xunta financia as vantaxes nestes servizos municipais, que contan co mesmo sistema tarifario que o resto de servizos pertencentes ao Plan de transporte público de Galicia.

Así, grazas ao conxunto de bonificacións e descontos vixentes no autobús autonómico, o custo total dos billetes para os usuarios foi de 342.000 euros en 2023 e de 125.000 euros de xaneiro a abril, un 19,2 % máis, polo crecemento da demanda total.

Pola súa parte, para o establecemento de servizos municipais dentro das concesións de transporte da Xunta, no marco dos convenios asinados coa Administración autonómica, os 10 concellos achegaron en conxunto 1,1 millóns de euros.

Por concellos, Arteixo é a Administración local co maior investimento dirixido a financiar o incremento de servizos no seu municipio, con máis de 470.000 euros en 2023, seguido de Pontevedra, con máis de 140.000. Con todo, o convenio asinado por Sanxenxo para 2024 estima unha achega de máis de 160.000 euros para a activación das liñas municipais durante este verán.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CONVOCA A VI EDICIÓN DO PREMIO EMPREGADOS PÚBLICOS INNOVADORES COA INCORPORACIÓN DUNHA NOVA CATEGORÍA SOBRE SIMPLIFICACIÓN ADMINISTRATIVA

- Con este galardón búscase crear unha Administración pública máis eficiente e moderna capaz de satisfacer as necesidades da cidadanía, así como recoñecer a actitude innovadora dos empregados públicos
- O certame contará con tres categorías e está dotado con 2.000 euros para as solicitudes individuais e 3.000 euros para as solicitudes grupais

O Goberno galego convocará este ano a sexta edición do Premio Empregados Públicos Innovadores, impulsado a través da Axencia Galega de Innovación (GAIN). Este galardón busca recoñecer o compromiso e a actitude innovadora do persoal ao servizo da Administración pública galega para facela máis eficiente, moderna e innovadora, así como capaz de satisfacer as necesidades da cidadanía.

Esta sexta edición do premio chega coa incorporación dunha nova categoría de Simplificación administrativa. Con ela búscase responder a unha das maiores demandas da cidadanía: a racionalización administrativa e a simplificación dos procedementos administrativos mediante a axilización de trámites. Como os cinco anos anteriores, contarase tamén coas categorías Identificación de oportunidades e Proxecto coa temática máis innovadora. Coa primeira prémíase a identificación de retos de innovación dentro da Administración tras determinar unha problemática nun servizo prestado á cidadanía, mentres que coa segunda búscanse os proxectos innovadores xa realizados ou en curso.

A esta convocatoria poderá presentarse todo o persoal funcionario e laboral ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades públicas instrumentais (organismos autónomos, axencias públicas autonómicas, entidades públicas empresariais e consorcios autonómicos). Os galardóns están dotados con 2.000 euros para quen gañe individualmente e 3.000 euros para quen gañe cunha candidatura grupal de ata tres persoas. Os interesados deberán presentar as súas solicitudes desde o día seguinte ao da publicación das bases no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) a través da sede electrónica e ata o 11 de outubro.

Premiados en edicións anteriores

Nas cinco edicións anteriores, presentáronse un total de 143 proxectos. Na pasada edición, con 24 proxectos, resultou gañadora unha iniciativa que propón o uso de drons para realizar un mapa térmico das cidades galegas en que se poida identificar a perda de enerxía polas cubertas envolventes dos edificios. Tamén se recoñeceu unha iniciativa de control da avespa velutina que consiste en eliminar niños a través da introdución de insecticida nun lugar específico destes.

Deste xeito, co Premio de Empregados Públicos Innovadores consolídase a aposta da Administración galega por un novo rol nas políticas de apoio e fomento da I+D+i.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A ESTRATEXIA DE CONSOLIDACIÓN DA BIOTECNOLOXÍA SUPERA O SEU ECUADOR CUN INVESTIMENTO MOBILIZADO DE 370 M €

- De cara a converter Galicia nunha biorrexión de referencia, a Xunta impulsará a creación da primeira oficina de transferencia de coñecemento, que se testará inicialmente como un piloto
- A Consellería de Ciencia prevé destinar máis de 20 M € novos de fondos europeos para apoiar o sector
- Durante o período 2021-2023, a Administración galega investiu máis de 102 M €, o que favorece a aparición de novos axentes e infraestruturas
- O impulso do sector evidénciase coa creación de 24 novas empresas e un 6 % máis de traballadores, convertendo Galicia na segunda rexión máis bioempresarial

O Consello da Xunta deu conta hoxe do balance intermedio da Estratexia de consolidación da biotecnoloxía en Galicia 2021-2025, a aposta para posicionar o sector biotecnolóxico como referente e activar o seu impulso. Con esta estratexia, ata o de agora, lévanse mobilizados preto de 370 M €. Nos tres primeiros anos, o Goberno galego investiu máis de 102 M € a través de diferentes consellerías, sendo a Axencia Galega de Innovación (GAIN), dependente desde esta lexislatura da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP, a que máis orzamento destinou, cun 64 % do total.

Durante estes primeiros anos da Estratexia xa se acadou o 56 % da mobilización prevista para 2025 coas actuacións postas en marcha. Co foco posto en situar Galicia como referente internacional biotecnolóxico a través do aumento da actividade económica deste sector en termos de emprego, facturación e emprendemento no campo do I+D+i, a Consellería de Ciencia xa traballa en novas accións antes do remate da Estratexia en 2025.

Entre as medidas máis destacadas, no Consello de hoxe avanzouse o impulso á creación da primeira oficina de transferencia de coñecemento especializada no sector biotecnolóxico, que servirá para impulsar medidas do programa Ignicia de Transferencia de Coñecemento en que se está traballando desde o ano pasado, funcionando así de maneira conxunta e compartida por todos os axentes de I+D+i galegos. Esta oficina testarase inicialmente como un piloto para avaliar as súas posibilidades.

Así mesmo, o Goberno autonómico prevé destinar máis de 20 M € novos de Fondos Feder para dar resposta aos retos do sector e poder, así, continuar impulsando Galicia como referente neste campo.

Ademais, a Xunta realizará un estudo de impacto sobre a biotecnoloxía na economía en Galicia para 2025, o que permitirá orientar as oportunidades futuras coa Estratexia Europea do sector. Tamén se prevé realizar varias accións destinadas a levar a mercado

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

o coñecemento e tecnoloxía dos organismos de investigación, para fomentar e fortalecer as *spin-off* biotecnolóxicas a través de investidores privados e *venture builders*, así como fortalecer as oportunidades destas e dos investigadores promotores destas para acceder a fondos europeos e nacionais de referencia, entre outras accións de impulso da biotecnoloxía en Galicia.

Crecemento do sector

Actualmente, o sector conta con 66 empresas que teñen a biotecnoloxía como actividade principal, aínda que o número de entidades relacionadas con proxectos ou servizos baseados nesta tecnoloxía supera as 160. Mostra do crecemento entre 2021-2023 é a creación de 24 novas empresas en Galicia, o que a sitúa como a segunda rexión máis bioemprededora. Así mesmo, neste período incrementouse nun 6 % o número de traballadores no sector, con 1.720 persoas empregadas na actualidade, dos cales 1.265 son persoal investigador. Ademais, a intensidade de gasto en I+D+i do sector supuxo máis de 127 M € en 2022, o que representa o 17 % de todo o I+D+i de Galicia nese ano.

Deste xeito, a Estratexia de consolidación de biotecnoloxía está a favorecer o reforzo deste ecosistema, posibilitando a aparición de novos axentes e infraestruturas. Galicia conta cun novo clúster, Viratec, que se suma aos cinco xa existentes; dous novos centros de investigación acreditados na Rede de centros de investigación do Sistema universitario Galego (CIGUS), Cica e Cretus; un novo fondo de investimento galego no sector, Bio&TechSmart Capital, e infraestruturas que complementan as capacidades existentes, como o Biopolo da Sionlla, o Centro de Fabricación de Terapias Avanzadas (Santiago de Compostela) e a ampliación da Plataforma Innopharma da USC.

Os subsectores da biotecnoloxía máis beneficiados polas iniciativas da Estratexia neste período de tres anos foron os relacionados co ámbito biosanitario cun 49 % (fármacos e vacinas e medicina personalizada), seguidas polas actuacións vencelladas a recursos mariños e as solucións ambientais, cada un cun 14 % do total. O sector primario supuxo o 11 %, mentres que a alimentación funcional foi o 6 %.

Aposta polo sector

A Estratexia de consolidación do sector biotecnolóxico de Galicia é un compromiso da Xunta de Galicia por afianzar as accións de impulso deste campo, as que se foron materializando desde o 2015 coa Estratexia de impulso á biotecnoloxía 2016-2020. Coa redacción deste novo plan búscase fortalecer as bases dun sector económico en auxe, establecendo unha folla de ruta que permita posicionar Galicia como unha das principais rexións biotecnolóxicas a nivel internacional.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA E A CONFEDERACIÓN ESPAÑOLA DE ORGANIZACIÓNS DE MAIORES COLABORARÁN PARA MELLORAR A SAÚDE DA POBOACIÓN MAIOR EN GALICIA

- A través desta colaboración de carácter pioneiro, o departamento sanitario galego, por medio da Dirección Xeral de Saúde Pública, comprométese a realizar estudos e análises detalladas para identificar áreas onde a atención sanitaria e os servizos de apoio poidan chegar de maneira efectiva
- O convenio pretende mellorar a calidade de vida das persoas maiores, centrándose en áreas clave como a actividade física, a alimentación equilibrada e o benestar emocional, o que posibilitará unha redución na incidencia das enfermidades crónicas
- Este acordo de colaboración representa un compromiso cun modelo sanitario centrado na cidadanía, onde as persoas maiores non só son beneficiarias de servizos, senón que, ademais, son participantes activas na planificación e execución das políticas de saúde

O Consello da Xunta abordou, na súa reunión semanal, un informe sobre o convenio marco de colaboración entre a Consellería de Sanidade, a través da Dirección Xeral de Saúde Pública, e a Confederación Española de Organizacións de Maiores (CEOMA), para mellorar a saúde das persoas maiores na nosa Comunidade Autónoma.

Cómpre remarcar que o envellecemento da poboación é un dos maiores retos demográficos que ten Galicia. Así, nunha sociedade cada vez máis envellecida, a Xunta considera fundamental garantir que todas as persoas maiores, independentemente da súa situación económica, xeográfica ou de saúde, teñan acceso a servizos de promoción da saúde e prevención das enfermidades.

A través desta colaboración de carácter pioneiro, o departamento sanitario galego comprométese a realizar estudos e análises detalladas para identificar áreas onde a atención sanitaria e os servizos de apoio poidan chegar de maneira efectiva. Estas avaliacións permitirán desenvolver programas específicos, como pode ser a detección precoz de enfermidades, as campañas de vacinación adaptadas e os programas de actividade física e nutrición accesibles para todos.

En consecuencia, o convenio, que ten unha vixencia de catro anos, pretende mellorar a calidade de vida das persoas maiores, o que posibilitará unha redución na incidencia das enfermidades crónicas.

Así pois, con esta iniciativa axudarase a aumentar a participación das persoas maiores en programas de detección precoz (cribaxes de cancro) e coberturas vacinais. Ademais, levaranse a cabo campañas de sensibilización e formación sobre a importancia de estilos de vida saudables e a prevención de enfermidades, o que aumentará o coñecemento entre a poboación maior sobre como participar positivamente no mantemento da súa propia saúde.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Este acordo de colaboración representa un compromiso cun modelo sanitario centrado na cidadanía, onde as persoas maiores non só son beneficiarias de servizos, senón que, ademais, son participantes activas na planificación e execución das políticas de saúde.

Mediante este convenio entre a Xunta e a Confederación Española de Organizacións de Maiores, o Executivo galego asegura que as voces destas persoas sexan escoitadas e que as súas necesidades e preocupacións sexan reflectidas nas políticas de saúde pública. Este enfoque participativo permite un sistema de saúde máis adaptado e sensible ás necesidades específicas dos maiores.

Por tanto, este convenio é un paso fundamental cara a un sistema de saúde máis equitativo e inclusivo que se adapta ás necesidades reais dos nosos maiores.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APOIA A INSERCIÓN LABORAL DE 90 PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL DENTRO DO PROGRAMA DE FORMACIÓN DUAL EN CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO

- O Consello deu hoxe conta das concesións da última convocatoria desta iniciativa da cal se benefician seis centros especiais de emprego
- Apoia proxectos que alternan durante tres anos emprego e formación enfocada a obter os certificados de profesionalidade relacionados co oficio ou posto de traballo do contrato laboral
- As iniciativas obxecto da axuda están relacionadas co comercio, a xardinaría, hostalaría e cociña, limpeza, servicios administrativos e aproveitamento forestal e abarcan un valor total de axuda de máis de 3,3 millóns de euros

O Consello da Xunta deu hoxe conta das concesións da última convocatoria do programa de formación dual en centros especiais de emprego dirixido á cualificación e á integración no mercado de traballo de persoas con discapacidade intelectual. Dela beneficianse nove proxectos de seis centros especiais de emprego, que contribúen á inserción laboral de 90 persoas con discapacidade intelectual -30 máis que na convocatoria anterior- e que poderán combinar formación cun posto de traballo nun centro especial de emprego ao longo de tres anos -ata 2027-.

Este programa dirixese a persoas con discapacidade inscritas como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia e que carezan de cualificación profesional. De feito, a formación que se ofrece está enfocada a obter os certificados de profesionalidade relacionados co oficio ou posto de traballo que se desenvolva no centro especial de emprego.

As entidades beneficiadas son San Xerome Emiliani, Fundación Juan XXIII, Lume Emprego, Juan María Empleo, Aspaber e Servinserta cun valor total de axuda concedida que supera os 3,3 millóns de euros e os proxectos obxecto de achega están relacionados co comercio, a xardinaría, hostalaría e cociña, limpeza, servicios administrativos e aproveitamento forestal.

O plan formativo, ademais, pode recoller actividades complementarias ou especialidades dirixidas a obter carnés profesionais, cando se requiran para o oficio ou posto de traballo previsto. A cualificación realizarase de xeito presencial mediante itinerarios formativos adaptados e estables de tres anos de duración. O obxectivo é que os participantes poidan obter despois un contrato de traballo nunha empresa.

Con esta iniciativa, a Xunta de Galicia financia o custo salarial das persoas alumnas-traballadoras con discapacidade intelectual, o persoal de apoio e de acompañamento que sexa necesario e a actividade formativa.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O emprego inclusivo e en igualdade de condicións é unha prioridade do Goberno galego e con ese fin aposta pola integración laboral das persoas con discapacidade no sistema produtivo con diversas actuacións para favorecer o acceso a un posto de traballo das persoas con máis dificultades para atopar un emprego.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINARÁ 2 M€ A UNHA NOVA LIÑA DE AXUDAS PARA A CONSERVACIÓN DA PAISAXE E A LOITA CONTRA A EROSIÓN NOS VIÑEDOS DA RIBEIRA SACRA

- Rueda destaca que esta novidosa actuación forma parte dun paquete de medidas do Goberno galego para apoiar á denominación de orixe (DO) Ribeira Sacra diante das dificultades xeradas polos excedentes de viño tinto
- Contémpanse outras accións como as axudas para a destilación de crise, unha maior divulgación e formación sobre as oportunidades do ecorrexime da PAC de cultivos leñosos en terreos con pendente ou ampliar as campañas de promoción e subvencións para facilitar a recollida de uva
- Cómpre lembrar que a nivel internacional existe un grave problema na comercialización dos viños tintos e rosados polo descenso no seu consumo, unha situación que debe invitar ao sector a reflexionar e analizar, no seo do Consello Regulador, a toma de novas decisións a medio prazo

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou hoxe de que o Goberno autonómico vai destinar un total de 2 millóns de euros a unha nova liña de axudas para a conservación da contorna paisaxística e a loita contra a erosión nos viñedos da Ribeira Sacra. Trátase dunha medida novidosa, enfocada a preservar unha paisaxe especial e característica desta zona, formada en gran parte por socalcos. “Vai dirixida á viticultura heroica, na que se traballa nunhas condicións especiais de custos e dificultade”, indicou.

Cómpre ter en conta que a paisaxe desta zona xoga un papel fundamental na candidatura deste territorio a Patrimonio Mundial da Unesco, e por tanto esta medida axudará a reforzar a citada candidatura.

Esta actuación -que forma parte dun amplo paquete de apoio á denominación de orixe (DO) Ribeira Sacra en particular, así como ao sector vitivinícola galego en xeral- implementárase mediante unha orde de axudas que se publicará antes de finais deste 2024. Terá dous grupos como destinatarios segundo o sistema de cultivo utilizado. Un deles -o tipo 1- será para o cultivo en socalcos, con muros de pedra e que realizan o traballo de maneira non mecanizada, e o segundo -o tipo 2-, para outros tipos de cultivo do viñado, sen socalcos ou mediante traballo mecanizado.

De entre as 1.300 hectáreas inscritas nesta DO, aproximadamente 700 estarían dentro do primeiro sistema anteriormente mencionado, e para o cal se destinarán 1,4 millóns de euros; e 600 hectáreas no segundo, cun investimento de 600.000 euros. Por tanto, o importe total para esta axuda ascenderá aos 2 millóns de euros.

Destilación de crise

A maiores desta medida, o presidente anunciou outra serie de axudas para apoiar ao sector ante a situación de “excedente de viño” que están a vivir o conxunto de “rexións vitivinícolas ante o descenso xeralizado de consumo de viño tinto”.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Nesta liña, indicou que nas vindeiras semanas o *Diario Oficial de Galicia* (DOG) vai publicar unha orde de axudas “para a destilación de crise”. Estará dotada cun orzamento inicial de 500.000 euros, ampliable de ser necesario ata os 2,4 millóns de euros de fondos propios, cantidade comunicada polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación como cifra máxima para esta medida.

Cómpre lembrar que Galicia, xunto con outras comunidades autónomas, solicitou o pasado mes de abril ao Ministerio esta medida excepcional, que recentemente se aprobou pola Comisión Europea e, a través da cal, as adegas desta denominación de orixe poderán xestionar o seu excedente.

Divulgación das oportunidades da PAC e máis promoción

Entre as medidas de apoio tamén se contempla unha ampliación da formación e divulgación das oportunidades que ofrece a Política Agraria Común (PAC) para os viticultores en xeral, e en especial para os da Ribeira Sacra.

Dentro da PAC existen unhas axudas, en concreto o ecorrexime de cultivo leñoso en terreos con pendente, que na actualidade só o están solicitando o 28% dos viticultores con axuda da PAC nesta zona: concretamente 95 de 339 solicitudes de agricultores que declaran viñedo. O obxectivo deste ecorrexime é crear unha capa de cobertura do chan para reducir a erosión neste tipo de terreos. Por tanto, o obxectivo da Consellería do Medio Rural é promover as oportunidades deste ecorrexime en particular, e da PAC en xeral, posto que cada viticultor que solicite esta axuda podería obter un importe total de 570 euros por hectárea ao cabo de tres anos.

Así mesmo, tamén se reforzarán as estratexias de promoción da calidade desta denominación de orixe, en conxunto co Consello Regulador.

Préstamos pola recollida de uva

Tal e como anunciou Rueda, outra acción máis de apoio, que se realiza a través da Consellería de Economía e Industria, concretamente do Igape, son as axudas para que os adagueiros poidan acceder a préstamos de cara á recollida de uva.

No caso da convocatoria deste ano, que se publicará en breve no Diario Oficial de Galicia, serán susceptibles de apoio aqueles préstamos (aplicados á adquisición de uva do 2024) formalizados entre o 1 de setembro e o 30 de decembro de 2024. Na pasada convocatoria resolvéronse favorablemente 38 solicitudes, o que supón facilitar ás adegas acceso a créditos por un valor conxunto que supera os 17 millóns de euros, cun investimento final de 1,8 millóns de euros.

Caída do consumo dos viños

Estas medidas de apoio veñen motivadas, en parte, pola situación actual a nivel internacional na que existe un grave problema na comercialización dos viños, especialmente dos tintos e rosados, problemática á que a denominación de orixe Ribeira Sacra non é allea.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Os altos custos dos insumos e a elevada inflación dos últimos anos inciden tanto na debilitación das accións comerciais das adegas como na perda de poder adquisitivo dos consumidores, o que ten motivado unha importante caída do consumo de determinados tipos de viño, tanto na Unión Europea como no resto do mundo, que afecta de maneira máis profunda aos principais países produtores. De feito, os máis afectados son os viños tintos e rosados de determinadas rexións de Francia, España e Portugal.

A caída das exportacións a China, Rusia e a outros países tamén fai que o mercado da UE estea saturado, o que empuxa os prezos á baixa. Outra causa que explica esta caída das vendas dos tintos é o cambio nos gustos das persoas consumidoras. Por tanto, estase ante un contexto que, no seo dos consellos reguladores, debería terse en consideración de cara á toma de decisións a medio prazo.

Cómpre destacar que, dentro da DO Ribeira Sacra están inscritas 1.310 hectáreas, 12.120 parcelas, 2.134 viticultores e 98 adegas. A zona amparada para a produción do viño con denominación de orixe Ribeira Sacra comprende parroquias e lugares de 20 municipios situados ao longo das ribeiras do Miño e do Sil, no sur da provincia de Lugo e no norte da provincia de Ourense, e está constituída polas subzonas seguintes: Amandi, Chantada, Quiroga-Bibej, Ribeiras do Miño e Ribeiras do Sil.